

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	Lago Rey, María Jesús
Abelairas Rodríguez, Isaura	Larriba Leira, Elvira
Alonso Pérez, Fco. Xabier	López Atrio, Laura
Calviño Rodríguez, Xulio	López Carreira, Xesús
Coello Bufill, Antonio	López Font, Carlos
Comesaña Abalde, Carlos	Martiño Gómez, Antonio
Conde Gil, Jorge	Méndez Piñeiro, María
Díaz Vázquez, Raquel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Domínguez Olveira, Santiago	Muñoz Posse, Carlota
Fidalgo Iglesias, Miguel	Porro Martínez, María Corina
Figueroa Vila, José Manuel	Rivas González, Angel
García Míguez, María Angeles	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
González Sagarra, Javier Pablo	Veloso Ríos, Iolanda
Iglesias Bueno, Marta	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e seis minutos do día vinteseite de outubro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos (con atraso), actuando como secretario xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA, correspondente ó mes de outubro, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e máis o interventor xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (187)- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORDINARIA E URXENTE E ORDINARIA DO 04.09.08)

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás sesións extraordinaria e urxente e ordinaria dos Plenos realizados o día 4 de catro de setembro de 2008.

2.- (188).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2008, RELATIVA Ó CAMBIO DE RÉXIME ECONÓMICO DUNHA CONCELLEIRA DO GRUPO SOCIALISTA.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, con data do 30 de setembro de 2008, emitiu a seguinte Resolución:

"Na Resolución da alcaldía, de data 01.02.2008, determinábanse os Concelleiros/as que realizarían as funcións en dedicación parcial de nove horas semanais.

Proximamente a Concelleira Delegada de Educación, D^a Laura López Atrio, procederá ó percibo da pensión de xubilación, feito que de conformidade co sinalado no art. 33.1 do RD Legislativo 670/1987, de 30 de abril, en concordancia co parágrafo 2 do apartado 1 do art. 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, é incompatible coas retribucións que podan percibir os concelleiros/as pola súa dedicación exclusiva ou parcial no Concello, razón que obriga a que a Concelleira en cuestión desenvolva as funcións do cargo que desempeña á marxe do réxime de dedicación no seu día acordado sen prexuízo das indemnizacións que pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que é membro e/ou órganos reitores dos Organismos autónomos lle podan corresponder.

En virtude dos antecedentes expostos, resolvo:

Primeiro.- Modificar a Resolución de data 01.02.08 onde no seu apartado primeiro se incluía a D^a Laura López Atrio cunha dedicación semanal de nove horas.

Segundo.- A concelleira D^a Laura López Atrio percibirá indemnizacións polas

asistencias ás sesións dos órganos colexiados e órganos reitores dos Organismos Autónomos.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución á interesada, Unidade de Persoal, Intervención, Tesourería Municipal e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.

De todo o anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

3.- (189).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE PARTE DO CAMIÑO CASAL CO NOME RÚA VALOUTAS. EXPTE. 577/150.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 10 de xuño de 2008, a Asociación de Veciños de Cabral solicita o cambio de denominación de varios viais públicos da devandita parroquia que teñen a mesma denominación.

Á vista dos informes emitidos polos Servizos de Estatística, Normalización Lingüística e Cultura de datas 25, 26 e 30 de setembro, respectivamente, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión ordinaria do día de 20 de outubro de 2008, ditamina favorablemente a citada proposta.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Que se denomine rúa Valoutas á rúa que comeza no nº 44 da avda. de Santa Mariña e remata no nº 14 do actual Camiño de Casal, por ser un topónimo axeitado segundo o informe emitido polos departamentos de Estatística e Normalización Lingüística.

Segundo.- Que se denomine rúa Casal á rúa que comeza no nº 50 da avda. de

Santa Mariña e remata no nº 38 do actual Camiño de Casal.

4.- (190).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICIOS A REHABILITAR. EXPTE. 4720/401.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de outubro do ano 2008, o director da Oficina de Planeamento e Xestión, o secretario e a xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo emiten o seguinte informe-proposta:

"O 11.12.06 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo tomou coñecemento do informe xurídico emitido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11.12.06 no que se constataba a necesidade de elaborar a ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e a súa posterior constitución.

O mesmo día, o Concelleiro Delegado de Urbanismo, resolveu o seguinte: "(...) *resultando evidente o interese público da constitución dun Rexistro Municipal de Soares, así como da delimitación de áreas prioritarias de edificación forzosa, resolvo INCOAR o correspondente procedemento, que se tramitará na forma legalmente establecida (...)*".

En data 08.07.08 o técnico da admón. xeral da oficina de Planeamento e Xestión, asina proposta de "Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar". A mesma foi ditaminada na sesión do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23.07.08.

Por acordo plenario de data 28.07.08 acordouse o seguinte: "(...) 1.- *Aprobar inicialmente a <Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar>, cuxo texto se incorpora ó presente informe-proposta como Anexo I <expte 4720/401>. 2.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nun diario de maior difusión da provincia. 3.- De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia <na súa redacción da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo>, entender por constituído formalmente o Patrimonio municipal do solo (...)*".

O anuncio da aprobación inicial publicouse no Faro de Vigo (15.08.08) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 167, 29.08.08). Así mesmo, déuselle traslado do acordo ó Consorcio do Casco Vello.

Durante o trámite de información ó público a Asociación de Promotores Inmobiliarios da provincia de Pontevedra presentou escrito de alegacións (3.10.08, doc. 80122048).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Necesidade de constituír o Rexistro de Soares.- A Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, trata de fomentar o uso das medidas que teñen os Concellos para a intervención no mercado do solo. O propio Preámbulo estima como necesario o impulso á constitución formal dos rexistros de soares e dos patrimonios públicos do solo. Sen prexuízo que a constitución formal do rexistro de soares non ten unha relación directa coa xestión, administración e control do patrimonio municipal do solo, a recente Lei aludida con anterioridade, esixe que con carácter previo á calquera acto de disposición de bens se teña constituído o rexistro de soares e o Patrimonio municipal do solo. A dicción literal da Lei, no punto segundo do reformado artigo 177 da Lei 9/02, do 30 de decembro, establece: “(...) *Non se poderán allear ou permutar bens do patrimonio público do solo ata tanto este e o rexistro de soares se constituán formalmente (...)*”.

2.- Informe sobre a alegación presentada pola “Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra” (doc. número 80122048, data 03.10.08).- A seguir se realiza contestación fundada de todos os puntos alegados:

- Artigo primeiro.- Proponse a matización do obxecto da ordenanza no sentido de diferenciar o regulamento do rexistro e o libro do rexistro que dá soporte físico. Admítese a alegación dado que supón unha puntualización de interese.

- Artigo segundo.- Con respecto á introdución no artigo 2º “mediante resolución administrativa ó efecto”: Sen prexuízo de que se puidera deducir, admítese a alegación dado que permite aclarar de mellor xeito cal é o ámbito de aplicación. Admítese a alegación.

- Artigo cuarto.- En primeiro lugar, ponse en dúbida a posibilidade de inclusión dentro dos soares que teña o Concello unha participación en pro indiviso. Dado que realmente supón un suposto encadrable dentro da letra a) considérase innecesaria a referencia ós soares nos que o Concello ten unha participación e polo tanto proponse a admisión da alegación neste punto. En segundo lugar, rectifícanse os erros de puntuación sinalados. En terceiro lugar, proponse a admisión da alegación con respecto ó primeiro suposto da letra "f". En efecto, debe precisarse que o suposto de edificación inadecuada que é susceptible de inclusión no Rexistro Municipal de Soares alcanza a aquelas edificacións que teñan consumida unha edificabilidade inferior ó 50% da permitida pola ordenanza correspondente. Por último, constátase a imposibilidade de cuantificar ou obxetivizar os puntos terceiro e cuarto da letra "f", sen prexuízo de que na resolución de inclusión se deba motivar suficientemente a concorrencia dos supostos previstos baixo criterios estritamente técnicos e xurídicos. Por outra parte, proponse a admisión da alegación no sentido da eliminación no artigo sétimo a referencia “dende a comunicación do acordo de inclusión no Rexistro” que nunha disposición de

carácter xeral é pouco aconsellable detallar.

- Artigo sexto e sétimo.- Alégase que non deben formar parte da ordenanza por canto supón unha materia reservada á Lei. Sen prexuízo de que a ordenanza ten un evidente carácter regulamentario e que en ambos artigos se reproduce o dito pola Lei 9/02, de 30 de decembro, o único que se procura é unha maior sistematización e unha detallada organización das normas vixentes na materia para dotala de seguridade xurídica. Por outra parte, propónse a admisión da alegación no sentido da eliminación no artigo sétimo a referencia “dende a comunicación do acordo de inclusión no Rexistro”. Por último, a referencia á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección procura dar cumprimento ó mandato establecido no artigo 189.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificado pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e o texto legal non prevé a inclusión naquel suposto que unicamente exista demanda de vivendas sometidas a algún réxime de protección.

- Artigo oitavo.- Propónse a admisión da alegación no sentido de eliminar a necesidade de presentación de memoria, anteproxecto e garantías para a incoación de expediente para a inclusión dos soares e edificacións no Rexistro. Así mesmo, a resolución de inscrición deberá conter datos que permitan unha correcta identificación da finca. En relación coas referencias ó "axente edificador", tense que mencionar que as mesmas efectivamente deben ser realizadas no seo do procedemento expropiatorio por incumprimento da obriga de edificar. O devandito axente actuará como beneficiario da expropiación naquel caso que resulte adjudicatario dun procedemento que garanta a concorrencia e a publicidade. A iniciativa para instar o alleamento de soares e inmobles que se encontren inscritos no Rexistro, xa ven recoñecida no artigo 192 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

- Artigo décimo cuarto.- Rectifícase o teor literal nos termos da alegación.

- Artigo décimo sétimo.- Con respecto á solicitude de aclaración do réxime de substitución forzosa, haberá que estar ó que dispón o apartado 2º do artigo 36º do Real decreto legislativo 2/2000, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo. Sen definir a institución, alude á posibilidade de que como consecuencia do incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar, se poida allear ou aplicar o réxime previsto para a venda ou substitución forzosa. Esta última ten por obxecto o mantemento e conservación ó seu titular da propiedade do solo, non obstante, se encomenda a facultade de edificación a un terceiro que se retribuirá cunha parte proporcional da edificación resultante.

- Artigo décimo oitavo.- Con respecto a este artigo 18º, tense que informar que ten por obxecto dotar dunha garantía ós propietarios que foron obxecto dun procedemento de venda ou substitución forzosa sen que a Administración municipal adjudicara a un terceiro a adquisición ou a substitución. Un dos motivos pode ser a inactividade municipal, sen esquecer que tamén se pode dar o caso que non concorran ós procedementos persoas interesadas.

- Disposición adicional única.- A alegación propón un modelo de organización do Libro Rexistro de Soares e Edificacións a Rehabilitar. A proposta presentada ten maior complexidade e por ese motivo, non se recomenda modificar o réxime

proposto coa aprobación inicial. Coa proposta contida na disposición adicional primeira, estímase suficiente como para xestionar o Rexistro e que o mesmo dispoña de información axeitada para lograr as finalidades previstas legalmente. Por outra parte, deberá procurarse o desenvolvemento informático dunha aplicación que permita o mellor manexo da información pola Administración municipal e polos propios administrados. Con respecto á publicidade e acceso ó Rexistro, se deberá estar ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, así como ó Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais. Non se considera adecuado a reprodución dos artigos que regulan o dereito de acceso e a publicidade do Rexistro.

3.- Procedemento e órgano competente para a aprobación da ordenanza.- A ordenanza estase a tramitar polo procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei de bases de réxime local. Así mesmo, tendo en conta o Título X do mesmo texto legal (Título introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro), o procedemento é o seguinte:

- a) Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28.07.08 (artigo 127.1 da Lei 7/1985).
- b) Ditame do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo (artigo 82.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas).
- c) Aprobación inicial polo Pleno de data 28.07.08.
- d) Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. Segundo consta no expediente, unicamente se recibiu unha alegación.
- e) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva do Pleno.

Unha vez aprobada definitivamente, a ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A súa entrada en vigor quedará condicionada ó transcurso do prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e á súa publicación. Para a aprobación definitiva se require maioría simple."

Á vista do anterior informe-proposta, O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2008 acorda elevar ó Pleno da Corporación a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Esta ordenanza adáptase á Lei de medidas urxentes 6/2008 e ven solucionar situacións de parcelas e edificacións que todos coñecemos e que están no centro da cidade. O que se tenta con esta ordenanza é dar un novo pulo para que esas situacións desaparezan e que non se produzan no

centro da cidades casos cos que os veciños conviven dende os últimos anos porque non se podía actuar contra a execución do desenvolvemento desas parcelas.

Coido que unha ordenanza boa que vai posibilitar que se desenvolvan esas zonas da cidade que dende hai moitos anos están atrancadas, coa que gañaremos todos e gañará moito a cidade.

SRA. MAURE NOIA: Esta ordenanza que hoxe imos aprobar é un instrumento que será esencial para a construción e a rehabilitación na nosa cidade. Vai ser fundamental na recuperación e rehabilitación do Casco Vello, permitirá a actuación directa do Concello ou outros axentes edificadores no caso de que os propietarios incumpran a súa obriga de edificar, conservar ou rehabilitar os edificios existentes para os manter en condicións de seguridade, salubridade e ornato.

No proceso de adquisición dos máis de corenta inmobles que agora vai rehabilitar o Consorcio do Casco Vello, unha das maiores dificultades coas que nos atopamos foi a fragmentación da propiedade dos mesmos. Aínda no caso de que todos os propietarios dun inmoble quixesen vender, era moi complicado chegar a un acordo con todos. Este proceso tan custoso se facilita se os inmobles se inclúen neste novo rexistro de soares.

Con esta ordenanza poderemos instar ós propietarios a rehabilitar e manter en condicións os seus inmobles no Casco Vello e no caso de que non o fagan, actuar directamente por expropiación ou permitir que outros promotores, axentes edificadores que neste caso poderíamos chamar axentes rehabilitadores, actúen mediante os mecanismos de venda ou substitución forzosa.

A aprobación deste regulamento significa un paso máis que, xunto coas accións da Consellería de Cascos Históricos, Patrimonio Histórico, Consorcio e Oficina de Rehabilitación, levarannos cara á recuperación completa do Casco Histórico.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo vai votar a favor desta ordenanza porque precisamente fomos nós o día 11 de decembro de 2006 quen iniciamos o expediente para a elaboración desta ordenanza porque logo das súas dúas intervencións parece que é unha xestión deste goberno pero non, esta ordenanza deixámola cos informes xurídicos correspondentes para a súa tramitación.

Con respecto ó Casco Vello xa é hora de que vostedes digan de verdade quen

deixou mercados a maior parte dos inmobles que agora mesmo están tentando rehabilitar. Coido que se se di unha cousa tamén hai que dicir a outra e a merca da maior parte deses corenta inmobles foi xestión dun goberno anterior. Non só iso, senón que a maior parte do investimento que están a facer, está asinado nun convenio do goberno anterior coa Xunta de Galicia por importe de preto de trinta millóns de euros.

Cando falen destas cousas dígano todo e non unha verdade a medias.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar”, cuxo texto se incorpora ó presente informe-proposta como Anexo (expte. 4720/401) coas correccións derivadas da admisión dos puntos que foron obxecto do presente informe-proposta.

Segundo.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Informar que contra o presente acordo unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a data da súa publicación.

ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS A REHABILITAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o recoñecemento constitucional do dereito de propiedade (artigo 33), establécese un mandato aos poderes públicos no sentido de establecer normas para que o solo sexa utilizado de acordo co interese xeral. Os propietarios, sexan de soares ou de edificacións, teñen a obriga de destinalos a un uso compatible coa ordenación territorial e urbanística, conservalos en condicións legais para servir de soporte a dito uso e, en todo caso, mantelos nas condicións de seguridade,

salubridade, accesibilidade e ornato esixibles (artigo 9º do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, de solo e da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia). Por outra parte, é obriga dos propietarios do solo a de edificación no prazo legalmente establecido.

Para garantir o cumprimento das obrigas descritas con anterioridade, o ordenamento xurídico faculta ás Administracións para a intervención na esfera xurídica dos propietarios. De tal xeito, o Decreto de 23 de maio de 1947 foi o primeiro instrumento no que se establecía en certos supostos a obriga de edificar e rehabilitar aos propietarios que incumpriran os seus deberes. En virtude da disposición transitoria sexta da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, continúa en vigor o Decreto 635/1964, de 5 de marzo polo que se aproba o Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares con carácter supletorio.

Dentro do Título VI da Lei 9/2002, de 30 de decembro (*“Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística”*), regúlanse no Capítulo Primeiro diversas medidas tendentes ao fomento da edificación. Baixo a normativa aludida con anterioridade elabórase o presente Regulamento.

A importancia do Rexistro municipal de soares e edificacións viuse incrementada tras da aprobación e publicación da Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo que modifica a Lei 9/2002, de 30 de xuño, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Na mesma, vincúlase calquera acto de alleamento dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo, á previa constitución do Rexistro de Soares.

O Regulamento está composta dun Título Preliminar e tres Títulos. No Título Preliminar defínense as características básicas do contido do Regulamento e os supostos de inclusión. No Título Primeiro regúlanse os prazos do cumprimento do deber de edificación e as consecuencias do seu incumprimento. Por último, o Título Segundo, atópase dividido á súa vez O Rexistro que se crea co presente Regulamento ten natureza pública, tendo todos os cidadáns o dereito do acceso e información nos termos que dispón a lexislación vixente e coas limitacións derivadas da aplicación da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal por catro Capítulos, nos que se regula a posibilidade de acudir ó alleamento, venda e substitución forzosa.

Na Disposición Adicional Única establécese a estrutura básica e a organización do Libro Rexistro.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo primeiro.- Obxecto.

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do contido, organización e funcionamento do Rexistro municipal de soares e edificios a rehabilitar así como do Libro Rexistro que serve de soporte físico ó mesmo, todo elo de conformidade co disposto no artigo 188 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e normativa que con

carácter supletorio está vixente.

Artigo segundo.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar ou edificar comprende todos os inmobles que foran incluídos no mesmo dentro do termo municipal de Vigo, mediante resolución administrativa ao efecto.

Artigo terceiro.- Forma.

O Rexistro levarase por medio de libros, podendo instrumentarse a través de calquera dos medios informáticos que faciliten a xestión e sexan compatibles coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A organización do Rexistro levarase a cabo de acordo coa estrutura que ven relacionada na Disposición Adicional Primeira.

O Rexistro ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que se deberá manter en condicións de pública consulta a disposición de calquera cidadán, sen que resulte necesario acreditar a condición de interesado.

Artigo cuarto.- Supostos de inclusión no Rexistro.

Son susceptibles de inclusión no Rexistro municipal de soares e edificacións, os inmobles que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Soares non edificados, que carezan de edificacións permanentes ou parte dos mesmos non utilizados e susceptibles de aproveitamento pola normativa urbanística.
- b) Soares non edificados cuxo uso sexa residencial destinado á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección pública.
- c) Construcións paralizadas, que son aquelas obras que quedan abandonadas ou suspendidas.
- d) Edificacións derrubadas nas que se dean algún dos seguintes supostos:
 - Edificacións nas que desaparecera como mínimo o 50% do volume aproveitable na construción.
 - Edificacións declaradas inhabitables en máis dun 50% da súa capacidade.
 - Edificacións ruinosas, que son as así declaradas por resolución firme conforme á lexislación vixente. A declaración de ruína supón a inscrición de oficio no Rexistro.
- e) Edificacións inadecuadas, entendendo por tales:

- As edificacións que teñan consumida unha edificabilidade inferior ó 50% da permitida pola ordenanza correspondente
- As que en máis dun 50% do seu volume ou a superficie construída estea destinada a uso urbanístico contrario ao previsto na ordenación urbanística.
- As que, ademais de estar en manifesta desproporción coa altura legalmente autorizada e executada na zona, desmerezan polo seu estado, condición ou clase das demais do ámbito.
- As edificacións provisionais que se estimen inadecuadas, agás cando a lexislación vixente dispoña outra cousa.

Artigo quinto.- Órganos competentes.

As funcións instrumentais de estudo e xestión relativas o Rexistro, están encomendadas á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (artigo 2.a. dos vixentes Estatutos).

Dentro da Xerencia municipal de urbanismo, será a Área de Xestión e Planeamento a encargada da levanza e control do Rexistro municipal, agás que se trate de edificacións ou soares que estean dentro do ámbito dun barrio histórico da cidade de Vigo que contará coa colaboración da Oficina de Barrios Históricos.

TÍTULO PRIMEIRO

Artigo sexto.- Deber de edificar os soares.

O momento a partir do cal os propietarios de soares e de construción en ruína ou inacabada deberán emprender a edificación e o seguinte:

- Nos inmobles sitos en solo urbano consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará no momento da aprobación da ordenación detallada (aínda que os terreos non teñan a condición de soar).
- Nos inmobles que están en solo urbanizable ou urbano non consolidado, o prazo comezará no momento da conversión dos terreos en soares.

O contido do presente artigo, é extensible ao resto de inmobles descritos no artigo 4º do presente Regulamento.

Naquel caso no que o planeamento ou órgano competente, prohiba a substitución total ou parcial das edificacións existentes, ou imponha a conservación de determinados elementos, ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ao materializarse os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.

Artigo sétimo.- Prazos para a edificación.

O prazo para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar é o seguinte:

- a) No caso dos soares, será de dous anos, salvo que o planeamento xeral ou de desenvolvemento especifique outro menor.
- b) No suposto de construcións ruinosas, derrubadas ou inadecuadas o prazo de nova edificación destas fincas será en todo caso de dous anos.

Poderá instarse unha prórroga dos prazos para a edificación/rehabilitación. En todo caso, deberá solicitarse con anterioridade ao transcurso do prazo previsto e no caso de ser estimada, non poderá superar o prazo dun ano. A mesma deberá ser por causas xustificadas e motivada. Non se concederá prórroga para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección se xa se outorgasen licenzas para construír a metade da edificabilidade residencial destinada a vivenda libre prevista no polígono no que se localice o soar.

De acordo co establecido no artigo 19º do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, a transmisión das fincas non modifica a situación do titular respecto dos deberes do propietario de edificar ou rehabilitar en prazo. O novo titular queda subrogado nos dereitos e deberes do anterior propietario.

Artigo oitavo.- Procedemento para a inclusión dos inmobles no Rexistro.-

Unha vez vencidos os prazos para cumprir os deberes de edificación ou rehabilitación (con ou sen prórrogas) ou non executada ao ritmo normal previsto, procederase á súa inscrición conforme ao procedemento seguinte:

- a) Iniciación do expediente: O expediente poderá ser incoado de oficio, por iniciativa do Concello, requirimento doutra Administración ou por solicitude de calquera persoa física ou xurídica.
- b) Outorgamento dun trámite de audiencia aos propietarios, titulares de dereitos reais, arrendatarios, ocupantes ou titulares de calquera dereito que conste no Rexistro da Propiedade ou sexa comunicado polos interesados: Os propietarios están obrigados a comunicar calquera modificación ou alteración da titularidade do inmovible. Así mesmo, están obrigados a comunicar se o inmovible está arrendado ou existen outros titulares de dereitos reais ou doutro tipo. Acto seguido, procederase ao outorgamento dun trámite de audiencia a todas as persoas interesadas que consten no expediente.
- c) Resolución do expediente: Unha vez informadas as alegacións, naquel caso que se presentaran, procederá a resolución do expediente no prazo máximo de tres meses. A competencia para a resolución do expediente, corresponde ao Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. En todo caso resolverase do seguinte xeito:
 - Declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico que motivou a

incoación ou, no seu caso, a improcedencia de tal declaración.

- Resolución de inscrición do inmovible no Rexistro.

A resolución deberá conter as referencias necesarias para unha concreta identificación do soar ou do inmovible.

TÍTULO SEGUNDO

CAPÍTULO PRIMEIRO

Artigo noveno.- Anotación no Rexistro da Propiedade.-

Unha vez resolta a inclusión no Rexistro Municipal de Soares dunha finca, remitirase oficio ao Rexistro da Propiedade solicitando expresamente a práctica de nota marxinal na que conste a notificación ao titular ou titulares rexistrados. O título inscribible será o certificado emitido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se conteña a transcripción literal da resolución da inclusión dunha finca no Rexistro Municipal de Soares.

Esta nota relacionarase nas certificacións de cargas que se expidan e se cancelará por caducidade, transcorridos cinco anos dende a súa data, de non constar no Rexistro da Propiedade asento acreditativo de modificación de prazo ou do procedemento de venda ou substitución forzosa.

Se o inmovible incluído no Rexistro de Soares non estivera inmatriculado no Rexistro da Propiedade ou non constara o nome do propietario, estenderase anotación preventiva, que caducará ós catro anos.

Artigo décimo.- Resolución declarativa do incumprimento do deber de edificación ou rehabilitación forzosa.-

Transcorrido o prazo de dous anos dende a inclusión do inmovible no Rexistro, sen que conste comunicación do inicio das obras ou canto menos se acreditara a imposibilidade de obter a licenza necesaria, a Xunta de Goberno Local declarará o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar. No mesmo acto, se acordará a aplicación da expropiación, venda ou substitución forzosa.

CAPÍTULO SEGUNDO.-

Artigo décimo primeiro.- Expropiación por incumprimento da obriga de edificar.

A expropiación por incumprimento da función social da propiedade poderase aplicar por inobservancia dos prazos establecidos para a edificación dos terreos ou, en xeral, dos deberes básicos contidos na lexislación urbanística.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do propietario, requiríndolle para cantas obrigas lle sexan esixibles. de transcorreren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente expropiatorio.

Para a determinación do valor de expropiación, teranse en conta as normas de valoración previstas no Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, do solo e demais normativa que as desenvolvan ou substitúan.

Artigo duodécimo.- Edificación das parcelas expropiadas por incumprimento do deber de edificar.

Os inmobles expropiados formarán parte do Patrimonio Municipal do Solo e deberán ser destinados ás finalidades previstas na lexislación vixente. En todo caso, no prazo de seis meses dende a expropiación de parcelas por incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar, o Concello resolverá sobre o modo de levar a cabo a edificación ou rehabilitación. Poderá ser beneficiaria da expropiación outra Administración Pública que asumirá a obriga de edificación ou rehabilitación ou un particular con capacidade suficiente para asumir as responsabilidades nos termos previstos no artigo 192 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

O incumprimento por parte do Concello do prazo de dezoito meses para comezar a edificación e a rehabilitación habilitará ao antigo propietario a solicitar a reversión.

CAPÍTULO TERCEIRO.-

Artigo décimo terceiro.- Venda forzosa.

O Concello realizará a venda forzosa dos inmobles no Rexistro, conforme ao sinalado no acordo de inclusión e na forma establecida nos artigos seguintes.

O prezo obtido como resultado da aplicación do tipo de licitación entregarase ao propietario previa liquidación e dedución de cantas cargas tivera o mesmo co Concello.

Artigo décimo cuarto.- Procedemento de licitación.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do propietario, requiríndolle para cantas obrigas sexan esixibles. De transcorreren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente para a venda forzosa.

O Concello venderá forzosamente os inmobles incluídos no Rexistro a través do procedemento no que se garanta a concorrência e a publicidade.

Naquel caso en que o procedemento quedara deserto, convocarase novo procedemento no que se pode proceder a unha nova valoración. Así mesmo, no prazo de seis meses dende a declaración de deserto, poderá acordar a adquisición

do inmovible para integralo no Patrimonio Municipal do Solo polo tipo de licitación do último concurso.

Naquel caso no que se opte pola xestión por medio dunha persoa física ou xurídica colaboradora, deberá convocarse procedemento de contratación no que se garanta en todo caso a publicidade e a concorrencia. A Administración valorará as distintas propostas tendo presente entre outros factores o prezo e o réxime das vivendas resultantes.

Artigo décimo quinto.- Cesamento de efectos.-

Transcorrido o prazo de dezaioito meses dende a incoación do expediente para a venda forzosa sen que sexa adxudicada ou acordada a súa adquisición directa, a inclusión do inmovible no Rexistro de Soares quedará sen efectos. Tal circunstancia comunicárase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

CAPÍTULO CUARTO.-

Artigo décimo sexto.- Substitución forzosa.-

Unha vez constatado o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar en prazo, o Concello poderá acordar a substitución forzosa. A mesma terá por obxecto a facultade de edificación para impoñer o seu exercicio en réxime de propiedade horizontal co propietario actual do solo.

Artigo décimo sétimo.- Procedemento.-

Unha vez acordado o incumprimento dos deberes establecidos na presente ordenanza e a aplicación do réxime da substitución forzosa, tramitarase o correspondente expediente de contratación no que se garantan os principios de publicidade e concorrencia. Acto seguido, o Concello remitirá ó Rexistro da Propiedade certificación do acordo para a súa constancia por nota á marxe da última inscrición de dominio.

Artigo décimo oitavo.- Cesamento de efectos.-

Transcorrido o prazo de dezaioito meses dende o acordo de aplicación do réxime da substitución forzosa, sen que sexa adxudicado o procedemento de edificación, a inclusión o inmovible no Rexistro de Soares quedará sen efectos. Tal circunstancia comunicárase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

Disposición adicional única.- Organización do Libro Rexistro de Soares e Edificacións a Rehabilitar.

O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar, constará de:

- Libro Índice: No Libro Índice constarán os inmovibles incluídos no Rexistro

Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar, ordenados alfabeticamente polo nome da rúa e polo número que ten atribuído polo departamento de Estatística do Concello. Farase constar o tomo, sección, folio e número de soar ou edificio, facilitando a rápida localización da finca obxecto de consulta.

- Tomos: O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar, constará dun total de 8 tomos, correspondentes cos distritos que veñen delimitados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.2008.

- Seccións: En cada tomo, diferenciaranse dúas seccións, unha destinada a soares e outra a edificacións.

O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar expresará respecto de cada edificio ou soar as circunstancias seguintes:

- Datos de situación: Localización, rúa e número; distrito; barrio.

- Datos catastrais: Referencia catastral; superficie.

Datos rexistrais: Número de Rexistro, Libro, Tomo, Folio, Finca, Inscripción, Descrición.

- Datos administrativos: Número de expediente administrativo; orde de edificación e prórrogas concedidas; declaración en situación legal de ruína/orde de execución incumplida; declaración de incumplimento de deberes urbanísticos; orde de inclusión; motivo de inclusión; outras Resolucións que lle afecten; cancelación; motivo de cancelación.

- Observacións.

- Circunstancias urbanísticas: Con carácter informativo incorporárase un informe sobre a situación urbanística na que se faga mención á clasificación, cualificación, superficie, uso global, específico, número máximo de andares e un plano de situación.

Disposición final.-

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos de pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- (191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó INCREMENTO NOS ORZAMENTOS DO ANO 2009 DAS PARTIDAS DESTINADAS Á CREAMENTO, DOTACIÓN E MANTEMENTO DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS..

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2008, número 80129480, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"As bibliotecas son peza fundamental na políticas culturais, por seren centros de información e axentes educativos activos que garanten o acceso á cultura de todos os cidadáns. No seu esforzo por achegarse á comunidade, as bibliotecas proporcionan á sociedade servizos cada vez máis amplos que van dende a consulta e préstamo de monografías e publicacións periódicas en diversidade de soportes, con seccións especializadas en público infantil e xuvenil, a programas de animación á lectura, acceso público a Internet, seccións de audio e vídeo, seccións especializadas en dar información sobre a cidade, e actividades culturais dirixidas a públicos distintos como exposicións, contacontos, talleres de lectura e de escritura, entre outros. Pero ademais, as bibliotecas son elementos que estruturan as diferentes zonas urbanas ou barrios, é dicir, contribúen a facer cidade.

No Pleno da Corporación Municipal denunciáronse con anterioridade, os importantes atrasos que Vigo padece en infraestruturas clave como son as bibliotecas. De acordo todos no déficit bibliotecario da cidade promoveuse, no 2005, mediante un convenio coa Universidade de Vigo, a redacción dun informe sobre o estado desta cuestión, que trazase un mapa dos equipamentos bibliotecarios existentes e servise de base ao deseño dunha rede municipal de bibliotecas.

Este informe achega datos sobre os recursos bibliotecarios e a titularidade dos mesmos, a súa definición, equipamentos e actividades, a súa distribución territorial, os hábitos socio-culturais e a mobilidade da poboación, así como o volume real da demanda dos seus servizos. O informe constitúe un instrumento moi útil para determinar as administracións e os axentes culturais que deben participar na configuración da rede de bibliotecas de Vigo.

A contribución municipal a esta rede consistiu, ata o momento, na achega de locais e na participación no seu sostemento económico, pero o Concello aínda non abordou con seriedade as súas obrigas normativas. Lembrar aquí que o art. 26 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, precisa que os municipios con poboación superior aos 5.000 habitantes, deben prestar servizos de biblioteca pública. A normativa galega, Lei 14/1989, de Bibliotecas, no seu art. 9.2 sinala que a Xunta de Galicia "velará para que nas cidades de máis de 50.000 habitantes se establezan redes bibliotecarias, que contarán cunha biblioteca nodal que coordinará e dará soporte aos diversos puntos de servizo da cidade".

Un ano e medio despois da toma de posesión do actual goberno, o Grupo Popular pregúntase que se fixo ao respecto, cal é a situación da rede de bibliotecas locais, ademais do anunciado plan de “creación ou consolidación de bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas Municipais de Galiza, que inclúan tamén as parroquias e os barrios cando a dinámica social así o demande”, que propoñía o programa electoral do BNG.

É preciso que o Concello se comprometa na creación de bibliotecas municipais suficientes para atender as necesidades da sociedade viguesa, especialmente nas zonas onde son insuficientes ou inexistentes, establecendo para iso as prioridades que correspondan.

Diante da inminente aprobación dos orzamentos municipais do ano 2009, o Grupo Popular propón a esta Corporación:

Que se incrementen, nos orzamentos ordinarios que se están a elaborar para o vindeiro ano 2009, as partidas destinadas á creación, dotación e mantemento das bibliotecas públicas municipais.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2008, ditamina favorablemente a presente moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Seguen vostedes a asombrarme porque Pleno tras Pleno nos presentan unha batería de mocións sobre a desastrosa situación da cidade, as carencias enormes que temos, todas as cousas que se deberían facer por seren de máxima necesidade e mesmo un dereito básico da cidadanía. Ata lle podo dicir que en moitas das ocasións estamos de acordo e compartímolas apoiando un número importante das mocións que aquí nos presentan pero penso que é un bo exercicio de formación mirar algo para atrás e de aí realmente é onde me asombran.

Hoxe presentan a súa enorme preocupación pola situación bibliotecaria da cidade. Quero maxinar que non é unha súbita preocupación senón que é produto dun exercicio de reflexión e de responsabilidade sobre unha carencia histórica e que como tal tamén existía nos anos 2007, 2006, 2005 e mesmo no 2004, anos nos que vostedes gobernaban nesta cidade.

Son por natureza ben pensado e quero pensar que esa gran preocupación que hoxe

teñen tamén a terían neste tempo atrás. Pero ó mirar para atrás non atopo nada. Que fixeron vostedes?

Remíteme a una normativa galega, a Lei 14/89 e a Lei 7/85, que son leis promulgadas polo goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia e que nos anos que vostedes gobernaron nesta cidade esqueceron completamente. Agora que non gobernan lémbrense delas.

Fagamos un fácil exercicio de memoria: goberno da Sra. Porro, número de bibliotecas creadas nesta cidade, cero; número de axencias de lectura creadas, cero. Agora nos veñen dicir nada máis nin nada menos como temos que facer os orzamentos. Sexamos serios.

Non imos apoiar esta moción pero non se preocupen porque no ano 2009 esta cidade contará coa primeira das bibliotecas de barrio que van conformar esa máis que necesaria rede de bibliotecas de Vigo.

SRA. LARRIBA LEIRA: A vontade política de crear unha rede municipais responde fundamentalmente a unha demanda cidadá de servizos que existe, que se ten expresado en moitos foros por exemplo as que recolle o plan veciñal 2007 da Federación Eduardo Chao reclamando bibliotecas para Teis, Balaídos ou Freixo.

Como vostede dí, en varias ocasións presentáronse a este Pleno cuestións que poñen de manifesto a unanimidade de todos os grupos políticos na carencia dunha infraestrutura bibliotecaria á altura dos veciños de Vigo que comparando coas de outras cidades de Galicia esa diferenza é clara. Fronte o total de bibliotecas públicas que por exemplo pode ter A Coruña que son nove, sete en Ourense ou Santiago, tres en Lugo e cinco en Pontevedra, Vigo ten unha. Referímonos a bibliotecas municipais, da Deputación provincial, da Xunta ou estatais.

O goberno actual prometeu ós vigueses unha biblioteca estatal e unha pública por colexio; nos acordos de goberno tamén se incidiu nesa biblioteca estatal. Pero ademais o responsable de Cultura anunciou en varias ocasións ós medios de comunicación a súa vontade de crear unha rede de bibliotecas municipais nos barrios e quero lembrar aquí, igual que fixo o responsable de Cultura, a situación que herdou, o que fixo o PP durante o mandato anterior que segundo a súa valoración foi cero.

En primeiro lugar se deron pasos para a elaboración e desenvolvemento dun plan

estratéxico de bibliotecas municipais, cousa que se fixo por primeira vez. Co PP analizouse a situación bibliotecaria de Vigo, diagnosticáronse cales eran as necesidades e fixéronse as consultas oportunas para iniciar a actuación.

As accións unha por unha son: Solicitouse unha biblioteca do Estado que lle foi denegada á cidade polo Goberno Socialista de España a través da súa ministra de Cultura e que a penas dous anos logo, co novo goberno da cidade, autorízase sen poñer trabas esa biblioteca estatal.

En segundo lugar e como dixen emprendeuse o estudo e deseño da rede de bibliotecas municipais porque se recoñeceu a importancia das bibliotecas por primeira vez como punto de reagrupación social e, xa que logo, como referencia para a vertebración dos diferentes barrios da cidade.

Encargouse ó Valedor do Cidadán un estudo sobre a situación bibliotecaria, xunto cunha comisión asesora formada polos directores das distintas bibliotecas da cidade e nese estudo recolléronse os datos sobre os recursos actuais, a poboación e o territorio, os hábitos socio-culturais e a mobilidade, co obxecto de achegar os servizos ás zonas de maior demanda.

En terceiro lugar o goberno do Partido Popular deseñou a rede de bibliotecas municipais, determinando a existencia dunha biblioteca de primeiro nivel ou biblioteca nodal, propoñendo que a Xunta de Galicia asumise a totalidade da xestión da Biblioteca Central de Vigo que como todos saben é compartida, o persoal técnico e os programas dependen da Xunta de Galicia pero o mantemento do edificio e o persoal subalterno custéase con fondos do Concello. Fíxose esta proposta á Xunta co obxecto de que eses recursos se puideran empregar en poñer en marcha outras bibliotecas nos barrios de Vigo porque a situación que reflicte o informe citado é que a maioría das bibliotecas da cidade concéntrase no centro e os barrios e zonas periféricas carecen destes servizos.

A resposta da Xunta actual, a pesar das deficientes infraestruturas e investimentos en infraestrutura cultural que fixo en Vigo, foi denegar esta posibilidade de xestionar completamente a Biblioteca Central como fai con as bibliotecas nodais noutras capitais de provincia.

Con respecto ó que chamaríamos bibliotecas de segundo nivel ou de barrios que serían coordinadas por esta biblioteca nodal, por acordo plenario se iniciaron as xestións para abrir unha biblioteca en Teis por seren unha das zonas máis

poboadas de Vigo, con maior concentración de poboación estudantil e propúxose á Tesourería Xeral da Seguridade Social en Madrid, propietaria do antigo centro de saúde da rúa Enrique Lorenzo, empregar ese edificio que aínda hoxe está abandonado, pechado e sen ningún uso, facer alí unha biblioteca de barrio, xestións que fixo o Partido Popular. A Seguridade Social ofreceu a posibilidade, non de ceder a titularidade do edificio, pero si o seu aluguer, permitindo que se fixera unha biblioteca de barrio.

Negociouse tamén abrir bibliotecas en Bouzas, onde se chegou a un acordo cos propietarios do chalé Arbones e outra na zona de Travesas. Esas son as xestións que vostede descoñece ou non quere recoñecer.

Na base de esta estrutura bibliotecaria para a cidade que propuxo no seu día o Partido Popular estaban as axencias de lectura. Neste sentido se iniciaron as xestións coa Xunta para poñer este servizo en marcha nos colexios públicos aproveitando as infraestruturas existentes.

Varios colexios estaban moi interesados, por exemplo o Virxe do Rocío e o Fleming, entre outros. A pesar de que o Concello de Vigo se comprometeu a se facer cargo dos locais, dos libros e do persoal, a Xunta de Galicia gobernada por vostedes non llo permitiu, poñendo todo tipo de trabas por cuestións menores, como por exemplo quen se ía facer cargo dos gastos do teléfono.

Repito que inxustamente actualmente a Xunta de Galicia permite a colexios de Pontevedra e de Lugo abrir pola tarde e para máis "inri" argumenta que deste xeito se ofrecen máis servizos á cidadanía á vez que se rendibilizan as infraestruturas. Esta cuestión denegóuselle hai dous anos ó Concello de Vigo.

Vostede di que o Goberno do Partido Popular non abriu ningunha biblioteca durante o seu período de mandato. Lémbrolle de novo que existía unha biblioteca aberta que se puxo en marcha durante o Goberno do PP que era a segunda biblioteca municipal na Escola Municipal de Artes e Oficios, biblioteca que pechou o goberno actual.

Por último, entre outras cuestións que se buscaron para dar resposta ás necesidades da poboación, especialmente da estudantil, fíxose sempre o posible porque os horarios nos períodos de exames foran máis amplos para dar resposta a esta necesidade.

Pero o Grupo Popular pregúntase no punto no que nos atopamos agora, un ano e

medio logo da toma de posesión do actual goberno.

Neste intre se interrompe a intervención da Sra. Larriba Leira polos berros dun grupo de persoas que accede ó salón de Plenos, parando a Presidencia o debate durante uns minutos.

SRA. LARRIBA LEIRA: Estaba a facendo unha lembranza das accións emprendidas polo Goberno de Corina Porro en materia bibliotecaria na cidade de Vigo. Falei da solicitude da biblioteca estatal, do que sería a configuración da rede de bibliotecas municipais, das bibliotecas públicas que se abriron no seu mandato, como é a biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Esquecín falar da biblioteca que se abriu no centro socio-cultural de Bembrive.

Por último estaba preguntando en que punto se atopa a planificación bibliotecaria da cidade un ano e medio despois da toma de posesión do actual Goberno. Que foi dos obxectivos programáticos do BNG e das súas promesas electorais como a rede de bibliotecas municipais. Anunciaron que estaba a punto de se abrir a primeira biblioteca desta rede no ano 2008; hoxe o responsable do departamento de Cultura que será para o 2009 porque de momento non sabemos nada dela, nin sequera onde está.

Por último tamén queríamos preguntar para cando a reapertura da biblioteca da Escola de Artes e Oficios que se pechou.

Como digo a desconfianza que produce o estado de abandono deste asunto por parte do goberno da cidade, agrávase á vista dos orzamentos municipais do ano 2009 que se van aprobar de forma inminente, porque a vontade política debe reflectirse nos orzamentos e non nas declaracións ós medios de comunicación.

Nos próximos orzamentos, que vai ser da partida das bibliotecas de barrio? Parece que sinxelamente non vai aparecer. Por iso o Grupo Popular insiste en propoñer á Corporación un aumento no investimento do próximo exercizo que permita a creación, dotación e mantemento de bibliotecas públicas municipais.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Nada máis que fume; acaba de realizar vostede un repaso á súa xestión e só se pode clasificar dun traballo moi pobre. Tres anos e medio iniciando xestións, son as súas verbas, ademais xestións que ningunha chegou a bo

porto e agora venme esixindo que en pouco máis dun ano teñamos a rede de bibliotecas de barrio funcionando?

Non se preocupe, vai haber rede de bibliotecas de barrio e no ano 2009 vai entrar en funcionamento a primeira delas.

Para que se vexan as cousas claramente porque os números non enganan. Orzamento do ano 2004 para bibliotecas na nosa cidade, gobernando xa a Sra. Porro, 432.000 euros; ano 2005, a súa enorme preocupación tradúcese non só en que non soben, senón que baixan amortizando persoal, 414.000 euros; os anos 2006 e 2007 teñen a mesma cantidade de 414.000 euros.

É no ano 2008 cando se produce a primeira suba importante, máis dun 17%, no pasado orzamento 486.000 euros. Coido que con isto queda todo claro.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente o gasto en bibliotecas dos anos 2005, 2006 e 2007 non tivo máis remedio que se prorrogar; pero no ano 2008 no que vostedes xa podían incrementar o capítulo de investimentos, non fixeron nada, aumentaron o IPC. No ano 2009 vai ser o mesmo, é máis, que foi da partida de bibliotecas de barrio que figuraba nos orzamentos do ano 2008? Por que desaparece este ano? É que non é preciso facer investimentos en bibliotecas de barrio?

A isto non me da resposta, sinxelamente desaparece a partida. A penas se incrementa o IPC nos dous anos que vostedes levan no goberno pero curiosamente desaparecen as partidas de investimento e aumenta o gasto corrente porque ata reducen á metade o gasto de mantemento da biblioteca central.

Con ese presuposto o Partido Popular non só incrementou partidas de libros, recuperación de edificios, apertura de bibliotecas, elaboración dun plan estratéxico. Todo o que vostede menospreza fíxose co mesmo presuposto e vostedes, incrementando a penas o IPC, que fixeron da partida de 137.000 euros adicada a bibliotecas de barrio neste ano? Non miramos nada, o proxecto que fixo a Universidade de Vigo xa o tiñan; o punto de partida, a análise da situación, recomenda onde e como se debe actuar.

Agora anuncian que a apertura desta biblioteca de barrio que ía ser antes de que rematase este ano, vai ser o que ven. Co mesmo presuposto o Partido Popular fixo moitas cousas sen incrementar o gasto corrente e vostedes eliminan os investimentos en materia bibliotecaria e aumentan o gasto corrente.

En definitiva penso que isto é onde se reflicte a vontade política de facer as cousas, nos orzamentos, non nas declaracións da prensa e é unha mágoa que o pasado venres 24, que precisamente se celebrou o día da biblioteca en Galicia, na nova biblioteca estatal de Santiago que parece que as miradas se centraban en Galicia, que agora esteamos falando de que desaparece o capítulo de investimentos en materias bibliotecarias na cidade de Vigo.

(No momento da votación está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, propoñendo o incremento das partidas orzamentarias destinadas á creación, dotación e mantemento das bibliotecas públicas municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á XESTIÓN COAS COMPAÑÍAS QUE OPERAN EN PEINADOR PARA O MANTEMENTO DE TODOS OS VOOS E O ASEGURAMENTO DA PERMANENCIA DAS RUTAS CREADAS NOS ÚLTIMOS ANOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2008, número 80129469, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular,

Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"A aviación fixo a súa aparición en Vigo en 1911 cun espectáculo aéreo do piloto francés Jules Verdines e cunha festa da aviación que tivo lugar en 1913 en Coia. No ano 1954, comezou as súas operacións o actual aeroporto en Peinador onde aterrou un DC-3 da compañía Iberia inaugurando así a liña Madrid-Vigo.

Moito tempo pasou dende estes dous feitos históricos, e o aeroporto da cidade tivo os seus bos e non tan bos momentos pero, sen dúbida, este mes de outubro de 2008 pasará á historia da aviación viguesa como un dos períodos máis negros da súa recente historia fundamentalmente por tres razóns:

- A ridícula consignación económica reflectida nos Orzamentos Xerais do Estado que pospón a execución de infraestruturas básicas como a reforma e ampliación da terminal, da pista e da superficie de estacionamento de aeronaves.
- A suspensión entre outros, dos voos a Londres e a Córdoba, dous destinos que se crearan este mesmo verán. Desexamos que a nova ruta a Zaragoza teña unha mellor sorte.
- A noticia do descenso dun 18% no tráfico de pasaxeiros no mes de setembro e dun 5% no acumulado anual, que ven acompañado, ademais, por importantes reducións nas operacións realizadas e a carga transportada.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde de Vigo a que xestione coas Compañías que operan en Peinador o mantemento de todos os voos e asegure a permanencia das rutas creadas nos últimos anos cara á súa consolidación."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión ordinaria do 20 de outubro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

O concelleiro Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos votar a favor desta moción, entre outras cousas porque o que vostedes propoñen é algo que este goberno ten na mente facer dende o primeiro momento, manter as xestións coas distintas compañías aéreas para o mantemento das liñas e para abrir novas liñas. Por iso e dende o primeiro momento, tanto o Alcalde dende a presidencia que ostenta da Fundación

ProVigo, coma eu mesmo dende a concellería de Turismo, estivemos traballando nesa liña.

Cando este goberno toma posesión, dende o primeiro momento dende a Fundación ProVigo, dende a Dirección Xeral de Turismo e dende a propia Concellería de Turismo establécense distintos contactos para que o Aeroporto de Peinador poida ampliar todas as súas liñas.

Nun ano e pouco acadouse unha nova liña Vigo-Londres que non se suspende, Sr. Fidalgo, quero informarlle porque tamén é bo que coñezan os cidadáns que no acordo asinado con Clickair xa se contemplaba que esta liña ía finalizar o 25 de outubro e había un acordo para facela na temporada primavera-verán e suprimila no inverno. Tamén lle informo que seguimos en negociacións con Clickair, xa moi avanzadas, para que sen lugar a dúbidas en marzo, na nova tempada primavera-verán, poidamos restablecer esta liña.

Ademais diso iniciamos negociacións que xa están moi avanzadas para establecer o voo Bruxelas-Vigo; iniciamos o voo Vigo-Córdoba; hai conversas iniciadas para establecer unha nova liña con Milán e onte, como vostede dixo, inaugurouse Vigo-Zaragoza.

Por isto os esforzos e o traballo tanto da Concellería de Turismo, como da Presidencia da Fundación ProVigo, como do seu anterior xerente que tivo moito que ver nesas negociacións, máis a Dirección Xeral de Turismo, por primeira vez dende a Xunta de Galicia mirouse para o Aeroporto de Peinador, cousa que non ocorría cos Gobernos do Partido Popular. Por primeira vez houbo un acordo coa Dirección Xeral de Turismo para subvencionar unha liña no Aeroporto de Peinador, lémbrense vostedes que ata aí todo era Alvedro ou Labacolla, nin unha nova liña subvencionada pola Xunta nos anos de goberno do partido Popular.

Estamos facendo os deberes e se suprimen liñas como a de Vigo-Córdoba non se fai só en Vigo. Preocupárame que a Compañía Fly Sur eliminara esta liña sen máis, pero eliminou Vigo-Barcelona e Vigo-Bilbao e isto foi por unha situación económica moi mala da propia compañía, non porque o aeroporto non reúna as condicións ou porque non establecéramos todo o que realmente esta compañía nos solicitou para poder poñela en marcha. Estamos en crise económica e as compañías aéreas, como vostede sabe, nestes momentos están a pasar por un momento malo.

As supresións que están acontecendo en Peinador son de compañías que están

reducindo todas as súas liñas, non só no Aeroporto de Peinador senón que en todos os aeroportos estatais e europeos. Loxicamente coma este Goberno non se queda parado e queremos seguir traballando nesa liña, de aí que onte mesmo inauguramos a liña nova de Vigo-Zaragoza, polo tanto as xestións están facéndose. O que non comparto con vostede, como antes dicía o meu compañeiro o Sr. López Carreiras, é o alarmismo e vostedes deberían traballar en positivo por esta cidade, permítame a suxestión con todo o cariño. Vostede non leu algo que aparece na súa moción: dicir que o mes de outubro de 2008 pasará á historia da aviación viguesa como un dos períodos máis negros da súa recente historia é crear un alarmismo realmente inxustificado. E di que isto é por tres razóns: pola ridícula consignación económica reflectida nos orzamentos xerais. Sabe o que son vinte millóns de euros? Cantidade que se está investindo nestes momentos no noso aeroporto.

O Plan director do Aeroporto de Vigo estivo anos parado, metido nun caixón, cun goberno do Partido Popular no estado, pese ó que lle queira informar agora a Sra. Porro. Este ano, evidentemente por unhas xestións do Alcalde e deste Goberno as obras están aí. O que hai que lles dicir ós cidadáns é que vaian a Peinador e comprobén como hai obras, como se está a ampliar a terminal, como se amplían o aparcadoiro e a pista. Iso é a maior proba, independentemente do que vostedes ou mesmo eu agora poidamos dicir.

Fala vostede da nova do descenso do tráfico; é verdade pero o tráfico descende en todos, na gran maioría dos aeroportos. Os datos hai que os ler nun sentido e noutro porque ese descenso do mes de setembro que vostede reflicte na súa moción, porcentualmente é moito máis baixo que en calquera dos outros aeroportos e mesmo con contornos de poboación máis grandes que a do Aeroporto de Peinador. En definitiva, Sr. Fidalgo, dende este goberno lle quero agradecer esta moción que nos permite informar ós cidadáns do que se está a facer pero lle repito que estas xestións, tanto dende a presidencia da Fundación ProVigo, como da Concellería de Turismo, como da Dirección Xeral de Turismo, estanse levando a cabo porque repito que para este goberno sempre foron eixo prioritario os traballos de ampliación do noso aeroporto e a promoción de Vigo como cidade a través de novos fluxos de comunicación de pasaxeiros.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Fidalgo, teño que o felicitar e amosar a miña satisfacción

por mirar que vostede e o seu Partido está facendo o seguimento dos grandes proxectos da cidade de Vigo pero lle hei de trasladar que no Aeroporto de Peinador estamos a traballar nunhas liñas de infraestruturas e servizos cuns horizontes claros e cuns presupostos moi concretos.

En relación co seu Plan Director teño que lle informar que tivo que chegar un Goberno Socialista ó Goberno do Estado que cre en Vigo, que aposta por el, polos seus cidadáns e polo seu tecido empresarial e industrial, co obxecto de converter ó noso aeroporto nun referente nacional e internacional.

Facendo historia o PSOE deixou claro en novembro de 2004 que o Aeroporto de Vigo tiña un Plan Director debido ó desfase existente ó plan que entrara en vigor en setembro de 2001 e que se chegara cun ano de atraso pese á suposta preocupación que dicía ter o Goberno Popular polas súas necesidades aeroportuarias, feito que non acontecería se naquel entón se tivese en conta a realidade de Peinador posto que, aínda que as previsións iniciais faltaban, a finalidade era acadar un millóns de pasaxeiros nun prazo dunha década.

Segundo o ritmo de crecemento o listón excederíase en só tres anos, en consecuencia o Partido Popular debería ter investido de inmediato nas instalacións viguesas e non esperar a que o fixese un goberno socialista por demanda de todos os cidadáns. Queda claro, Sr. Fidalgo, que o Goberno do Partido Popular non se preocupou nin por Vigo, nin por os vigueses, nin polo tecido empresarial que ten esta cidade e esta área metropolitana.

Como proba dicir que os gobernos do Partido Popular tan só adicaron no período 1999-2004, catorce millóns de euros ó aeroporto de Vigo, coñecido coma Aeroporto de Peinador. O Partido Socialista e o Goberno Socialista adicaron máis presuposto nun ano que o goberno do Partido Popular en cinco.

Pola contra nós podemos dicir que este plan de infraestruturas que apoiamos vai ser crible no ano 2012. Doutra banda dicir que precisamente este Goberno e non o do Partido Popular, foi quen se responsabilizou de incrementar os voos dende este aeroporto a distintos destinos de España e de Europa.

Á vista está, en paro temporal, a conexión con Londres que tivo un principio e un final cunha grande acollida. Foi unha experiencia piloto que contou cunha ocupación próxima ó 68% e estamos a traballar dende a Alcaldía e a Tenencia de Alcaldía da recuperar e que sexa unha realidade no próximo verán.

Outra ruta que tivo un bo recibimento nesta tempada estival foi a liña con destino a Córdoba; por desgracia a crise, a situación económica e os problemas técnicos fixeron que se cancelase pero seguro que proximamente traerá novas e mellores situacións.

Sr. Fidalgo, como ben sabe e menciona na súa moción, a recente conexión con Zaragoza con catro frecuencias semanais, algo inédito, supón un paso máis para o aeroporto de Vigo que ós poucos vai tendo máis voos e máis destinos, vai sendo crible dentro dos aeroportos a nivel nacional.

O Aeroporto de Vigo acolle moi ben este tipo de liñas posto que o perfil desta cidade é un perfil do cliente que perseguen viaxeiros de negocios. De feito en outubro de 2007 foi o aeroporto galego con máis porcentaxe de viaxeiros de negocios durante todo o período estival e pasou dunha cifra do 48% o que supera en 11 puntos á media galega.

Na actualidade son varias aeroliñas as que operan no aeroporto de Vigo: Air France, Iberia, Air Europa, Spanair, mentres que Clickair fixo a primeira liña de baixo custo que empezou a operar con gran éxito dende o aeroporto de Vigo conectando con Barcelona.

Sr. Fidalgo, o noso Goberno non está parado senón que estamos a traballar na procura de novos destinos e así o dicía tamén na súa intervención o Tenente de Alcalde, pero lle lembro que para dispoñer de voos primeiro hai que contar coas infraestruturas porque na miña terra din que primeiro hai que mercar o carro e logo poñer os bois, iso quere dicir que facemos as cousas ben.

A finais de 2008 ou principios de 2009 é posible que se inauguren novas conexións como dixo o Tenente de Alcalde a Bruxelas, co que imos dispoñer de 30.000 pasaxeiros potenciais máis cunha aeroliña como é Air Bruxelas.

Tamén, cara finais de 2008 e principios de 2009 é posible que empece a operar con voos a outros lugares de Europa que serán realidades. Así mesmo se está a negociar novos destinos a outros sitios da península sobre todo no sur, como poden ser Sevilla, Málaga, Jerez, Alicante, Huesca, Palma de Mallorca, etc.

Sr. Fidalgo, como lle dicía non se pode mercar antes o carro que os bois. En primeiro lugar hai que consolidar as infraestruturas e logo potenciar os destinos de máis interese para todos os vigueses, que é o que realmente nos demandan as propias compañías para poder operar e poder ser crible nas súas potenciacións dos

distintos voos.

Para iso dende este goberno estamos a traballar para ter un aeroporto competitivo, con destinos en España, en Europa e mesmo transoceánicos.

Por certo, vostede non debe saber a situación do aeroporto vigués polo que se reflicte na súa moción cando fala da ridícula consignación económica reflectida nos orzamentos xerais do Estado. De feito, o investimento programado por AENA para Peinador ata o ano 2012 segundo se desprende dos presupostos xerais ascende a 140 millóns de euros, tendo consignación orzamentaria para o ano 2009 de 18 millóns de euros, máis nun ano que o goberno popular en cinco.

O aeroporto vigués recibe a cifra máis alta nestes presupostos das tres terminais galegas correspondendo neste ano a un 12,8% do previsto ata o ano 2012, ano moi importante e referencial nesta cidade.

Ademais está asegurado o remate da obra en marcha do novo aparcadoiro e conta cun presuposto total de 36 millóns de euros, cunha consignación de 15 millóns para o próximo ano e 14 para o seguinte, o que supón que un Goberno Socialista do Estado investiu máis nunha soa obra que o Goberno Popular en cinco anos.

Para lle refrescar a memoria, Sr. Fidalgo, lembre que neste momento se atopa en marcha o proxecto de ampliación da terminal que pasa de ter 9.000 metros cadrados a 24.000, case se chega triplicar a superficie existente. Engadimos 15.000 metros cadrados ó plan inicial para o adaptar ás novas infraestruturas, para que non queden obsoletas como lle pasou ó Partido Popular neste período de tempo.

Un magnífico proxecto deseñado por un arquitecto de prestixio da nosa comunidade como é don César Portela e que será presentado en breve tal como informaron recentemente o director de AENA e máis o Alcalde de Vigo na recente visita que fixeron ó aeroporto.

Sr. Fidalgo, como vostede ve só estamos a falar de realidades e con todas estas infraestruturas acadaremos o aeroporto que todos desexamos e que este goberno municipal vai potenciar dentro desta estreita cooperación que existe co goberno de Galicia e co do Estado.

Non creo que quede dúbida de que esteamos a traballar e a acadar un aeroporto coa categoría e servizos de primeira calidade que nesta cidade estase a demandar. Trátase dende logo de reivindicacións propias dun goberno que cre en Vigo.

Polo que respecta ós datos reflectidos no terceiro punto da súa moción, sinalar que son consecuencia da crise que atravesamos o mercado aeronáutico pero non supoñen en absoluto unha ameaza de ningún tipo á potenciación dos voos para os vindeiros anos. Indicarlle que neste momento hai unha suba do 36% respecto á entrada e saída de mercadorías, son récords históricos de movementos de carga. Tamén foi o noso goberno quen se preocupou de potenciar o acceso ós cidadáns mesmo facilitando as comunicacións ó propio aeroporto con mellores comunicacións urbanas.

Tampouco debemos esquecer as prestacións da compañía BSK Air, especializada en dar servizo aéreo personalizado ós executivos, que dende o pasado ano xa ten máis de cen horas de voo.

Pare rematar, Sr. Fidalgo, sinalar que imos aprobar esta moción porque este goberno quere o carro e os bois e ven traballando sobre todas aquelas propostas que sexan positivas para o noso tecido industrial e para todos os nosos cidadáns. Ademais nos gusta tamén pensar que a posición está centrada e facendo seguimento de todo isto.

Non obstante teño que dicir que vostedes queren aproveitar todos os momentos para facer a súa publicidade dentro dos feitos que xa están en marcha. Tamén trasladarlle que ante a petición feita ó alcalde de defensa dos voos desta cidade nesta moción, dicirle que o alcalde estivo, está e estará permanentemente pendente, loitando para que iso se leve a bo fin.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Pensamos que sen dúbida esta moción é oportuna e o Pleno é un bo lugar para falar do aeroporto, dos seus voos e das súas frecuencias pero os datos son incontestables.

Dende o ano 1992 o Aeroporto de Vigo non paraba de medrar no número de pasaxeiros; había 367.000 pasaxeiros anuais e o ano pasado pechouse cun 1.400.000 pasaxeiros, pero este ano Peinador vai en caída libre. Levamos sete meses consecutivos perdendo pasaxeiros por iso, non é que sexa alarmista, é que son obxectivo.

Dende que existen estatísticas dispoñibles nunca houbo un descenso maior nun mes coma o acontecido no mes de setembro deste ano do 18%, ademais as cifras son as peores dos tres aeroportos galegos. Si é certo que hai unha crise económica

que afecta ó número de voos e de pasaxeiros pero, tomando como base os datos de AENA o número de pasaxeiros anuais acumulados de xaneiro a setembro, en Vigo reduciuse nun 5,2%; na Coruña un 4,3 e en Santiago un 3,6. Se falamos de mercadorías o tráfico en Vigo reduciuse no acumulado ata o de agora en setembro un 17,7; na Coruña aumentou 1,6 e en Santiago reduciuse o 7,9%.

Sr. Rivas, vostede falaba do carro e dos bois. É certo que existe un plan director dende o ano 2004 nada menos, levamos con ese plan director catro anos longos. O Alcalde ademais convértese sempre, como ten que ser, no líder da cidade e fala de que o aeroporto camiña para se converter no primeiro aeroporto de Galicia.

Falou con AENA en xaneiro e comprometeu investimentos ás toas; investimentos para un novo radar, para a ampliación da terminal, para a ampliación da pista de rodadura, para unha ampliación adicional do aparcadoiro, para a plataforma de aeronaves.

Pero o certo é que este ano que ven nos presupostos xerais do estado o único que hai son quince millóns para rematar o aparcadoiro, un aparcadoiro que logo ó mellor sobra porque se non hai voos non hai pasaxeiros; ou ó mellor este aparcadoiro, Sr. Domínguez, serve para paliar o aparcadoiro que nos prometeran no IFEVI, pódese utilizar este aparcadoiro para as dúas instalacións.

Ademais destes quince millóns atopamos uns investimentos de apoio e mantemento de millón e medio; logo 190.000 euros para a mellora do edificio da terminal de carga, 21.000 para a ampliación do edificio da terminal de pasaxeiros, que xa me dirá vostede que se pode facer con eses cartos.

O aeroporto por tanto nos deixa novamente malas novas. Ademais das infraestruturas hai unha perda de voos e de frecuencias. Vigo-Londres, fíxose unha gran festa no hotel Los Escudos, coa participación de todas as forzas vivas da cidade, sorteo de regalos, á que eu asistín, tamén o Alcalde, o Sr. Domínguez, o director xeral de Turismo. Ó final o voo durou catro meses porque se iniciou o 21 de xuño e rematou o 25 de outubro. Nin sequera durou unha temporada porque como vostede sabe a temporada de verán comeza en marzo.

De verdade confiamos e cremos que se vai volver poñer este voo pero hai que facer as cousas doutro xeito, coido que se improvisou bastante, houbo unha falla de xestión, fixéronse mal as cousas, Sr. Domínguez, e hai que o recoñecer porque senón non se farán ben na temporada que ven.

O Partido Popular está convencido de que a cidade si que ten capacidade para este voo e para moitos máis. Ademais a industria turística envorcouse: os hoteleiros, os comerciantes... pero coidamos que quen lles gobernan na cidade e na Xunta sinceramente non estiveron á altura, houbo falla de xestión, non é serio que o concelleiro de Turismo non se lle ocorra outra cousa que dicir que "A situación do aeroporto é preocupante pero moito máis non podemos facer"

Gustaríame que pensaran outra cousa, por exemplo para lle dicir a esta señora que se mercou o seu billete a Córdoba para ir no Nadal coa súa filla a ver á familia, pagouno por internet e a día de hoxe aínda non lle comunicaron que non vai poder voar e tampouco lle devolveron os cartos.

Houbo deixamento, é un sentimento que ten toda a cidade. A Voz de Galicia do 21 de outubro di: "Os hoteleiros achacan o peche do voo a Londres a unha mala xestión e non á crise. Non podemos permitir que cos pretextos de baixa ocupación e amparado pola crise económica o aeroporto das Rías Baixas sega perdendo enlaces e en consecuencia turistas". Non se fixeron ben os deberes, non se fixo ningunha promoción, vendéronnos o conto da leiteira e agora temos que desandar todo o camiño andado.

Precisamente é en momentos de crise, de baixa ocupación hoteleira, en inverno, cando os hoteleiros e os comerciantes buscan cubrir esa menor demanda de servizos porque logo no verán mal que ben van capeando e as cifras son moito mellores.

Máis exemplos: falei de Vigo-Londres, de Vigo-Córdoba que durou 38 días, unha cifra récord; Vigo-Bruxelas xa estaba a punto o ano pasado e agora nos din que a ver se no primeiro trimestre do ano que ven. Confío que o voo Vigo-Bruxelas se poña en marcha gracias a Axencia Europea da Pesca. Tamén dicía que Vigo-Munich, Vigo-Milán. Lémbrese daquel proxecto de México "A voar", estivo dando voltas, estivo aquí co Tenente de Alcalde, co Alcalde, dicía que estaba feito, que faltaban uns flocos e aí quedou.

O Alcaldía dicía que botarían unha man para "...dar os investimentos que faltan, falando coas empresas da hostalería, o turismo e aquelas que poidan estar interesadas co obxectivo de que o sector privado faga unha aposta decidida por esta iniciativa. Poderanse iniciar os voos como máximo en catro meses". Isto díxoo o ano pasado.

Compañías de carga como TNT que deixou de operar en Vigo e foise a O Porto; a compañía "Plaza Cargo" que viña de Zaragoza; a empresa de pescado fresco "Mar de Vigo" que tivo moitos problemas para empezar a operar, non había un posto PIF e ó final foise a Santiago, logo a O Porto, logo se resolveron eses problemas pero agora lle sae máis rendible operar a Canarias e Madrid e hai tempo que non ven a Vigo. Aquela compañía de aerotaxis que en teoría tiña dous voos con sede na cidade.

O que propoñemos é iniciar unha campaña de promoción seria, da cidade e do aeroporto e nun dobre sentido: a promoción ten que ser en destino, Londres ou onde sexa, traendo aquí a touroperadores, periodistas especializados, prescitores de opinión, axencias de viaxe, para que coñezan "*in situ*" a cidade de Vigo porque unha vez que a coñezan poderán vendela doutro xeito. Se o voo Vigo-Londres cunha nula promoción tivo un 68% de ocupación, non hai razón para que o voo deixe de funcionar.

Lémbrese dese periodista que veu a Vigo, visitou sen que case ninguén o soubera a praia de Rodas e dixo que era a mellor praia do mundo? Esa foi a mellor campaña de promoción da nosa cidade, traer a prescitores de opinión, touroperadores, periodistas, para que coñezan e poidan falar disto.

Pero esta promoción debe facerse canto antes porque por exemplo en Londres, as grandes compañías aéreas como Thomas Cook, FlyVi ou outras xa empezaron a vender billetes para a temporada de verán. O máis práctico sería tentar mellorar as frecuencias e os horarios, polo menos tratar de ter catro frecuencias, xa non pedimos seis como as que ten A Coruña, e os horarios un pouco máis acordes ás necesidades da xente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou ser moi breve por unha razón, Sr. Fidalgo, porque logo da súa segunda intervención me queda suficientemente claro de que vostedes non queren escoitar, presentan unha moción e, como ben di vostede, este é un sitio moi importante no que a Corporación vai falar do aeroporto, nós falamos, damos a nosa visión e vostedes non escoitan e seguen dicindo exactamente o mesmo que na primeira intervención logo de que entre todos tentamos darlle unha serie de explicacións. Polo tanto como non queren escoitar coido que tampouco é bo que gastemos moito máis tempo.

Efectivamente o tema do aeroporto é importante. Vostede volve con Vigo-Londres, con Vigo-Córdoba, mófase dos 38 días. Di que non é alarmista pero acaba de describir unha visión do aeroporto que calquera que o escoite pode pensar mesmo que está pechado. Non se pode traballar así por unha cidade.

Agradézolle que nos digan como hai que facer unha promoción. Eu estaba agora pensando se vostede non terá algún infiltrado dentro do departamento de Turismo porque todo iso xa se fixo, Sr. Fidalgo. O único que lle pido é que vostedes non infravaloren o que temos aquí, como non facemos nós con vostede. Xa houbo touroperadores ingleses, xa houbo axencias inglesas antes de se poñer en marcha esta liña.

Repito que non queren escoitar. Cando se asina en xuño o acordo con Clickair era unha primeira experiencia que remataría cando segundo as compañías aéreas remata a temporada de verán. Tan mal como di vostede non o debemos facer cando vostede di que confía en que Vigo-Londres se volva poñer en marcha, confía en que se poña en marcha Bruxelas-Vigo.

Mire vostede o relatorio de cousas que dixó: que anunciamos e estamos xestionando, cousa que evidentemente hai anos que non se escoitaba nesta cidade. Hai que dicir as cousas ben, voulle dicir por que se rebaixa a proporción de viaxeiros en Vigo en relación a outros aeroportos galegos. Non sei se vostede sabe que a suba de pasaxeiros fundaméntase principalmente na consolidación das liñas e dos novos fluxos de persoas que se crean e cando hai crise estrutural como na que estamos, hai un recorte, non o digo eu, dio calquera estudo socioeconómico do sector turístico, efectivamente ese recorte de pasaxeiros cae sempre naquelas liñas que non están consolidadas dentro do fluxo normal dun aeroporto.

Se hai sete ou oito anos o Partido Popular dera a esta cidade os cartos que agora si nos da a Xunta de Galicia para consolidar liñas e ampliar novas, teríamos nestes momentos liñas consolidadas e voulle poñer un exemplo: a liña con París que non reduce pasaxeiros a pesar da crise porque é unha liña absolutamente consolidada. Esa é a diferenza entre o noso aeroporto e Santiago ou Coruña que por mor desas axudas que sempre ían para alá evidentemente nestes momentos teñen máis novas liñas consolidadas das que pode ter o Aeroporto de Vigo.

Xa é o colmo de que nos boten a nos a culpa de que a unha persoa que entra en internet e merca un billete aínda non lle devolvan os cartos. De verdade que é de

risa, Sr. alcalde, a partir de agora imos poñer unha oficina na lonxa de información e reclamacións a cantos son deberes das compañías aéreas. Sr. Fidalgo unha cousa é o que vostede tenta dicir aquí pero iso é, vostede sábeo, un deber e unha obriga dunha compañía aérea como calquera de nós sabemos cando quitamos os nosos billetes por internet ou por calquera outro medio.

Hai que escoitar e hai que ter unha actitude de colaboración con este goberno. Sinceramente, ó principio empecei agradecéndolle esta moción pero logo da súa segunda intervención de verdade o único que lle digo é que esta cidade avanzará se entre todos, goberno e oposición, sobre todo en tempos de crise, somos quen de mirar cara ó futuro e non damos radiografías do aeroporto da cidade dun xeito totalmente alarmista e absolutamente fóra de toda realidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non somos alarmistas, dicimos o que hai, estámonos quedando sen voos, sen rutas. Antes non falei das que se reduciron por parte Spanair que tamén deixou de operar a Canarias, non falei da redución de frecuencias de Air France porque tamén hai un voo menos a París. Pero o voo de París é un exemplo da boa xestión do anterior goberno do Partido Popular, a Sra. Molares xestionou esa liña que aínda continúa, os 38 voos semanais de Air Europa que son froito dun convenio coa Deputación de Pontevedra, son os únicos que permanecen inalterables.

Non sei onde están esas anunciadas subvencións da Xunta de Galicia; o conselleiro de Industria anunciou o 4 de setembro que ía haber un plan de choque e que ía dar dous millóns e medio de euros para chegar a acordos con distintas liñas; como sempre serán para Labacolla e Alvedro que levan gozando de subvencións dende que empezou o bipartito na Xunta de Galicia.

Xa para rematar, vostede tamén dixó que vai facer todo o posible para recuperar ese voo Vigo-Londres. Eu confío en que así sexa, penso que deber ser humilde, recoñecer os erros que houbo e conseguir estes voos que desapareceron do aeroporto.

Por certo, sabe a onde vai ter que ir coller o avión para ir a Londres? Ó Aeroporto de A Coruña.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando á xestión coas compañías que operan en Peinador para o mantemento de todos os voos e asegurar a permanencia das rutas creadas nos últimos anos, nos termos que figuran nos antecedentes deste acordo.

7.-(193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO DISTINTAS ACTUACIÓNS NA FINCA MIRAMBELL.

No transcurso do debate deste punto, sendo as dez horas e corenta e sete minutos, incorpórase á sesión a concelleira Sra. Veloso Ríos

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2008, número 80129473, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"No ano 2005 iniciáronse os traballos que permitiron recuperar a Finca Mirambell, parte do patrimonio histórico-arqueolóxico da cidade de Vigo, sendo hoxe unha realidade.

No pasado mes de agosto o Goberno Local inaugurou a recuperación deste depósito arqueolóxico. Nese momento dende o Grupo Municipal do Partido Popular observamos deficiencias que non teñen sido subsanadas a día de hoxe, tanto na sinalización, no acceso á zona museística como unha vez dentro do recinto, debido a escaseza de paneis informativos, a inexistencia dun punto de información para os visitantes, refuxio para a garda do recinto....

Ó mesmo tempo cabe sinalar a falta de vontade política do Goberno para continuar coa prospección arqueolóxica.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación en Pleno a seguinte proposta de acordo:

- Que se subsanen de xeito inmediato as deficiencias na sinalización, tanto do acceso á zona museística como unha vez dentro do recinto, debido a escaseza de paneis informativos, se poña en funcionamento un punto de información para os

visitantes, ademais dun refuxio para a garda do recinto.

- Que se continúen cos traballos de prospección arqueolóxica dentro do recinto da Finca Mirambell."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión ordinaria do 20 de outubro de 2008, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Este verán puidemos asistir e miramos nos medios de comunicación unha fotografía na que se abrían as instalacións á cidadanía da vila romana de Toralla. Xa que estamos a falar de romanos ó César o que é do César, este proxecto xa viña de anos atrás, de tres equipos de goberno distintos, pero foi gracias a ó goberno do Partido Popular e da Sra. Porro que esta vila romana, a pesar dos atrasos acumulados, converteuse nunha realidade e agora podemos gozar do que eu consideraría unha verdadeira marabilla arqueolóxica en Vigo.

A pesar disto coidamos que existen unha serie de deficiencias que non se corrixiron ó día de hoxe, tal como facemos mención na propia mención, deficiencias na sinalización, no acceso á zona museística, dentro do propio recinto da vila, unha absoluta escaseza de paneis informativos, inexistencia dun punto de información para os visitantes, o garda do recinto está á intemperie, non ten un sitio onde se resgardar no caso de chover.

Por todo isto o grupo municipal do Partido Popular insta ó goberno a que se corrixan de xeito inmediato as deficiencias citadas, que se poña en funcionamento un punto de información para os visitantes ademais da instalación do refuxio para o garda do recinto. Tamén que se continúe cos traballos de prospección arqueolóxica dentro do recinto da finca Mirambell.

SRA. MAURE NOIA: Antes de nada gustaríame informarlle do proceso que levou á apertura do depósito arqueolóxico da finca Mirambell este ano, xa que logo de ler o texto da súa moción coido que o descoñece.

Como vostede suxire 2005 foi un ano importante para o entón concelleiro de Patrimonio Histórico do Partido Popular pero non porque se iniciasen os traballos na finca Mirambell senón porque, logo de máis dun ano gobernando, veu ter por primeira vez coñecemento da existencia dos mesmos.

O depósito arqueolóxico coñécese dende principios do século XX polas exploracións arqueolóxicas realizadas pola familia Mirambell. No ano 1992 o Concello de Vigo recupera a titularidade pública da finca e promove a realización dunha serie de intervencións arqueolóxicas dirixidas polos arqueólogos Hidalgo Cuñarro e Purificación Soto que permitiron a exhumación de boa parte da vila.

No ano 2002, sendo concelleira de Patrimonio Histórico Carme Martínez Corbalán, asínase un convenio coa Universidade para desenvolver un proxecto de investigación e musealización da vila romana de Toralla do que teño aquí unha copia asinada polo entón alcalde Lois Pérez Castrillo e polo Reitor da Universidade de Vigo Domingo Docampo.

Baixo este convenio realízanse outras catro campañas de escavación arqueolóxica e procédese á redacción e execución dun proxecto de musealización e posta en valor do depósito arqueolóxico.

Todo este proceso, no que traballou e se esforzou moita xente, remata coa apertura do depósito arqueolóxico público neste ano 2008, a pesar do retardo que sufriu durante o goberno do Partido Popular.

En canto á sinalización do acceso, sorpréndeme que vostede tivese dificultades para atopar a entrada ó recinto, xa que só en agosto e abrindo unicamente as fins de semana, máis de catro mil persoas visitaron o depósito e si atoparon a entrada. A sinalización do interior do depósito arqueolóxico é produto dun proxecto museolóxico feito polos técnicos da Universidade. Eu non son experta en musealización arqueolóxica e confío no criterio dos técnicos.

A información do depósito chega para que poida ser auto-interpretable e poder saír de Mirambell cunha idea do que foi unha vila rural periurbana do século IV que forma parte do noso pasado e polo tanto da nosa identidade como cidadáns.

De todos os xeitos entendo que haxa xente interesada en saber máis, o que me parece moi ben. Estas persoas poden concertar unha visita guiada chamando ó Museo Quiñones de León e un guía explicaralles o depósito arqueolóxico con detalle. É un servizo que tamén está a funcionar para os centros de ensino.

Cando os arqueólogos completen os traballos de investigación posteriores ás escavacións teremos máis información e estaremos en disposición de facer algunha publicación sobre o depósito arqueolóxico para a súa divulgación.

Por todo o anterior anúnciolle que imos votar en contra da súa moción.

Aproveito tamén para sinalar que a concellería de Patrimonio Histórico ten algunhas actuacións complementarias previstas para mellorar a finca Mirambell como é a urbanización de todo o contorno do depósito, que xa ten o proxecto rematado e está en Contratación para a adxudicación da obra nas próximas semanas e poder empezala canto antes.

SR. CONDE GIL: Sorpréndeme que se vaia votar en contra dunha moción que o único que pretende é favorecer á cidade e á cidadanía pero é a tónica á que nos teñen acostumados dende esa bancada.

Xa lle dicía antes que a pesar de que vostedes se fixeron a foto ó César o que é do César e que participaron tres equipos de goberno que non enumerei pero poderíamos falar do Sr. Príncipe, do Sr. Pérez e do Sr. Pérez Castrillo pero ó final quen rematou a faena en termos taurinos foi a Sra. Porro e agora é unha realidade. Tamén di que se deixou pasar un ano no 2005; deixémonos de parvadas e precisamente vostedes non falen, polo tempo que levan gobernando, das cousas que se poden facer e que non fixeron porque se empezamos a enumerar non acabaríamos en toda a mañá.

A pesar do interesante que é a vila, que me pareceu fantástica e animo a toda a cidadanía a que acuda a coñecela se son quen de chegar e de acceder ó recinto, insisto nisto porque coido que é un asunto que non só lle afecta a vostede porque é un tema dun ámbito turístico e debe existir unha transversalidade entre Patrimonio Histórico e Turismo. Existen unha serie de deficiencias que son absolutamente visibles.

En primeiro lugar existe unha deficiente sinalización para chegar dende diversos puntos da cidade ata a vila; non existe sinalización ningunha na cidade para chegar á vila romana de Toralla como para outros moitos sitios. Eu non atopei ningunha. En segundo lugar, caso de saber onde é, ó chegaren ó recinto obsérvase insuficiente sinalización na propia vila e mesmo custa atopar a porta de acceso ó recinto que está na parte traseira.

Falábame dos horarios. Os horarios de visita guiada sinxelamente parécenme ridículos, son só os mércores en horario de tarde, non sabemos moi ben a quen van dirixidos, un tema desta importancia entendemos que debería ser máis propio das fins de semana que é cando máis público podería acceder á vila coa visita guiada.

Igual pasa coa cita previa e ten que haber un grupo mínimo de cinco persoas porque se non hai ese número, pasa ó mércores seguinte.

Iso si, as visitas libres son de martes a domingo, de 11 a 14 e de 16 a 18 horas sen cita previa. Hai alí un garda de seguridade que é quen te facilita o acceso; está á intemperie porque carece de sitio onde resgardarse e utiliza como garita o seu propio coche como así puiden constatar cando fun visitar a vila. Tamén é no coche onde ten a información que facilita cando entras á vila, folleto que por certo axudoume un pouco a comprender onde me atopaba.

Di vostede que a sinalización é por un convenio coa Universidade; estes convenios tamén haberá que os supervisar. En canto ós criterios dos arqueólogos, dos arquitectos, avogados, periodistas e todas as profesións son moi respectables pero coido que neste caso deben dar resposta ó que van demandar os visitantes porque senón o fracaso vai ser absoluto como entendo que pasa neste caso.

Os folletos informativos teñen mal establecidos os horarios; debe ser porque están as visitas de proba do mes de agosto que non foron cambiadas, polo que se alguén se fía deste folleto vai ir o día que non debe como xa lle pasou a algún compañeiro. Fala tamén da urbanización, da Consellería; feitos son amores e non boas razóns e de momento levan bastante tempo e non vemos absolutamente nada.

SRA. MAURE NOIA: Segundo vostede a Sra. Porro foi quen rematou o depósito arqueolóxico. Entón por que non deixou feitas todas estas cousas a Sra. Porro? Por que non inaugurou no ano 2007 cando estaba ela de alcaldesa? Houbo moito traballo por facer e é evidente que seguimos facendo ese traballo.

Vostede di que a porta está na parte traseira do depósito arqueolóxico. Iso é o que vostede considera porque a vila está orientada cara ese lado e esa é a mellor maneira da visitar, a estrada non é a fachada da vila.

Di que os políticos podemos meternos no traballo dos técnicos, controlalos e dicirles ós arqueólogos e ó director da escavación que cartel o que outro ten que poñer. A escavación tivo un director que foi quen fixo o proxecto museolóxico e que controlou dende aquí a arqueóloga municipal; ó mellor eu podo dar algún consello de estética ou doutro tipo pero non podo saber o que hai que poñer realmente porque non son museóloga.

Estiven alí como calquera persoa que non entende do tema e lendo a sinalización

que hai entendín perfectamente, teño unha idea do que foi a vila romana, que relación tiña co contorno e mesmo o perfil estratigráfico deume máis información do xeito de traballar os arqueólogos.

Non sei se lle parecen moitas cinco persoas para poder ter un guía e facer unha visita; coido que é un número bastante razoable porque se non ten vostede catro amigos que lle poidan acompañar para visitar o depósito arqueolóxico pode ir con vostede. A visita guiada ten horario o mércores pola mañá e pola tarde, non ten problema.

En canto ás actuacións previstas para mellorar o contorno o expediente está en contratación, ten partida orzamentaria para este exercicio 2008, coido que o tempo estimado das obras é de dous meses e en breve comezarán.

Co respecta ó que dicía que se continuasen os traballos de prospección arqueolóxica, quería sinalarlle algún aspecto. En primeiro lugar quería lerlle a descrición de prospección arqueolóxica da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia: "A prospección arqueolóxica entendida como exploración superficial e sistemática sen remoción, tanto terrestre como subacuática, dirixida ós estudo e investigación para a detección de restos históricos ou paleontolóxicos, así como dos compoñentes xeolóxicos e ambientais relacionados cos mesmos. Isto engloba a observación e o recoñecemento sistemático de superficie e tamén a aplicación das técnicas que a arqueoloxía recoñece como válidas".

Isto quere dicir que a prospección arqueolóxica é unha exploración visual, sen tocar o terreo. Os traballos levados a cabo na finca Mirambell non son de prospección, foron de escavación arqueolóxica en área como consecuencia dos resultados positivos das sondaxes que se executaron inicialmente.

Neste momento non ten sentido a ampliación da escavación arqueolóxica por diversos motivos. En primeiro lugar a residencia principal da vila está escavada e musealizada polo que a súa función pode ser entendida polo visitante.

Segundo os técnicos e dende unha perspectiva puramente científica, agás casos excepcionais e por cuestións de orde maior non é recomendable escavar a totalidade dun depósito arqueolóxico, sendo preferible non o esgotar e preservar un área de reserva arqueolóxica para intervencións futuras, cando os avances metodolóxicos, tecnolóxicos ou doutro carácter permitan obter unha maior e mellor

información. A execución dunha escavación leva parella a destrución de diversas secuencias estratigráficas, ó iren escavando vanse atopando cousas nos distintos niveis e iso date unha información que pode desaparecer se non se ten en conta. Todo isto conforma o depósito e se se perde esta información, é irrecuperable.

Todo isto eu non o sabía pero informeime e paréceme de sentido común. É práctica habitual que nas escavacións se deixe unha parte sen tocar para futuras xeracións.

Pola súa moción parece que vostedes quixeran volver pechar o depósito arqueolóxico e escavar durante varios anos máis para que a xente non o puidese visitar cousa que agora si fai, de feito 4.000 persoas só en agosto que tiveron unha boa impresión do depósito. Non sei con quen falou vostede pero a xente coa que falei eu gustoulle e divertíuse na súa visita.

O proceso de escavación do depósito arqueolóxico de Toralla como xa dixen antes foi longo e custoso onde se implicaron moitas persoas, tanto profesional como persoalmente, gracias a iso hoxe Vigo pode ter unha ventá aberta ó coñecemento do seu pasado. Un pasado que eles transformaron en presente e coido que agora todos temos a obriga de manter para converter en futuro.

SR. CONDE GIL: Están vostedes realmente obsesionados co anterior goberno, se se fai algo porque se fai, se non se fai porque non se fai, pensen no de seu que é no que están e fagan algo porque non están a facer nada.

Sinaleille unha serie de deficiencias. Que a parte principal estea cara á praia me parece perfecto pero non custa tanto poñer un cartel que poña "Entrada" e sinalalo dalgún xeito.

En canto ó tema turístico propio da vila entendemos que debería ser un tema a destacar e probablemente non estea suficientemente explotado. No mes de setembro asistíamos a festa "*Vicus romanorum*" que durou unha semana e custo bastantes cartos. Por certo, que a min o tema dos romanos gústame moito, paseime todos os días polo Casco Vello e ata o último día non atopei un só romano. Igual había que investir menos niso e máis na vila romana, como por exemplo na situación do garda que en canto empece o frío e a chuvia non sabemos que vai facer. Non ter nun sitio coma este algún lugar onde un visitante poida pedir un folleto de información paréceme bastante patético.

Os paneis informativos parécenos moi ben que estean en galego, pero debería tamén estar noutros idiomas, polo menos castelán, portugués e inglés para facilitar a visita ás persoas que non entendamos o galego.

No servizo do 010, que no seu día o Sr. Alcalde dixo que ía ser extraordinario, non teñen idea nin de horario, nin de servizos nin de nada da vila. Eu chamei persoalmente e sabían que en agosto houbo algo, que había horarios de visita, pero agora non saben absolutamente nada do tema, o único que fixeron foi darme o teléfono do Museo Quiñones de León onde eu xa sabía que se podía chamar para información.

O que dicía a Sra. Maure é certo en canto a que os horarios de visita guiada poden ser tamén os mércores pola mañá, pero non sei se sabe que son para colexios e non para o público en xeral. Ademais coido que a xente pola mañá traballa e deberían ser as fins de semana cando se aproveitase para esas visitas que seguro que son moi interesantes.

Tampouco existe información relacionada coa vila na páxina web do Concello, nin na páxina do Museo Quiñones de León. Nestes tempos coido que internet é un medio de transporte para a información importante.

Entendemos que deberían cambiar o sentido do seu voto, deberían estar a favor da cidadanía e da cidade nun tema coma este e non pecharse nunha posición política de votar non polo non a unha moción que o único que tenta é mellorar a situación dun patrimonio da cidade que agora teñen vostedes a responsabilidade de levar adiante.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, referente a distintas actuacións na Finca Mirambell, co texto

que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.-(194).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DA TOTALIDADE DOS COLECTORES SOTERRADOS INSTALADOS NA CIDADE E PROCURAR O SEU MANTEMENTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro do ano 2008, Nº Doc. 80129475, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Despois de case un ano e medio de goberno debemos denunciar a situación que se está a permitir dende o departamento de limpeza na súa desatención a rúas e beirarrúas, igualando a falta de xestión que xa demostrou a anterior concelleira.

En materia de limpeza o anterior Goberno do Partido Popular puxo en marcha un programa de instalación de contedores soterrados avanzado e moderno, co obxectivo de mellorar as condicións hixiénico sanitarias da cidade, ademais da propia imaxe da mesma.

Neste senso, o Goberno Municipal está a bater récords de tempo no arranxo, posta en funcionamento e mantemento dos contedores soterrados. Despois de botar a culpa ao goberno anterior, como fan sempre cada vez que teñen que xustificar a súas carencias, o que se atopan os cidadáns de Vigo e unha imaxe de deixamento no necesario mantemento digno das rúas.

A primeiros deste ano que está a rematar falaban dende o Goberno da adxudicación dun servizo para o mantemento dos contedores de illas soterradas para garantir o seu uso e que permitisen ser utilizados nas debidas condicións.

Sen embargo, os veciños e veciñas de Vigo nos atopamos nas rúas onde se instalaron contedores soterrados que un bo número deles están precintados e fóra de servizo e outros carecen de mantemento e seguen a suplirse por os habituais de superficie cor verde.

Precisamente a aposta por este tipo de recollida de lixo pretende, dunha banda eliminar da superficie das rúas elementos antiestéticos como son os contedores e por outra liberar de obstáculos a vía pública, así como actualizar con novas tecnoloxías este tipo de servizos.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a por en funcionamento a totalidade dos contedores soterrados instalados en rúas da cidade e procurar un mantemento óptimo”

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do día 20 de outubro de 2008, ditaminou favorablemente esta moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: De novo estamos aquí unha vez para falar de limpeza, chamar a atención sobre o departamento de Limpeza, Parques e Xardíns e falar de cousas importantes para os cidadáns desta cidade como é a limpeza, como nos din día a día en todos os sitios. Falamos da cuestión dos contedores soterrados. Estes contedores xa quedaron instalados no anterior mandato do Goberno Popular, dos que se poden enumerar moitas características positivas deste tipo de contedores entre as que poden estar liberar espazo, evitan o impacto visual mellorando o aspecto da cidade, son interesantes para zonas con pouco espazo e difícil integración, diminúen a frecuencia do baleirado duplicando a cantidade do contedor por compactación, evitan malos cheiros e propagación de pragas urbanas, etc.

A mesma concelleira do Departamento de Parques e Xardíns dixo no seu día "É moi positivo para os cidadáns pero requiren moito mantemento". Nin moito nin pouco, necesitan mantemento sinxelamente e temos que chamar a atención sobre estes contedores, que en realidade non son tantos porque se estivera toda a cidade infestada de contedores soterrados sería outra cuestión, pero é en áreas e zonas determinadas e a maioría están sen funcionar correctamente, outros están con falta clara de mantemento, faltan asas ou non abren ou pechan ben, etc.

Dende o Partido Popular non podemos consentir esta situación e ímolo denunciar as veces que faga falla. Imos seguir insistindo porque é necesario que se poñan a funcionar correctamente e o que non se pode permitir é que eses contedores, logo duns investimentos que se fixeron positivos, interesantes e mesmo realizados dende a Xunta, se segan desprezando, sen o mantemento correcto e na situación en que están moitos meses, logo das declaracións que fixo no seu día a concelleira de Limpeza, Parques e Xardíns.

Por iso instamos poñer en funcionamento todos os contedores dunha vez por todas para que funcionen correctamente, que os que están precintados ou sen poder usar, se abran e funcionen. Sr. Alcalde, é unha desas pequenas cousas importantes,

tanto como as grandes cousas ás que se referiu vostede nalgũa ocasión.

SR. DÍAZ VÁZQUEZ: Quero empezar polos argumentos que vostede pon na moción. No segundo parágrafo vostede di que "En materia de limpeza o anterior Goberno do Partido Popular puxo en marcha un programa de instalación de contedores soterrados avanzado e moderno..."

Informe realizado polo Departamento de Limpeza o 29 de xuño de 2007, unha semana logo de que nós chegáramos a este goberno. O seu equipo de instalacións de contedores soterrados avanzado e moderno é este: tapas que se saen das guías, tapas que non pechan, lixo no foso, instalacións eléctricas defectuosas e con auga, calquera pode saber o que pasa cando se mestura a electricidade e a auga, bisagras fóra do seu sitio, un contedor que queda á metade e non baixa, nun contedor hai ata conos de tráfico metidos dentro do cadro eléctrico, había algún que ata tiña empalmes feitos a man, nin sequera cumprían as medidas de seguridade, lixo por todas partes, lixo rebordando os contedores... e así un por un todos absolutamente. Isto nada máis chegar nós, este é o seu sistema avanzado e moderno de contedores soterrados.

A partir de aquí a Sra. Abelairas tivo a feliz idea de facer por primeira vez partes de incidentes de contedores soterrados. Dende o 18 de xuño temos todos os partes de incidentes e non hai nin un só feito antes. Estes partes din que non pechan, non conectan, non abren, non funcionan, só baixan... todos avariados.

Vostede dixo algo moi claro: necesitan mantemento. Claro que o necesitan pero vostedes non fixeron nada de mantemento. Informe recibido a primeiros do ano 2008 a raíz dunha serie de conversas, realizado pola empresa que estaba facendo as últimas instalacións: "Esta empresa en todo momento informou ó Concello de Vigo da necesidade de facer labores de mantemento e limpeza. Estes traballo non se realizaron en ningún caso en ningunha illa, mesmo nas instaladas dende hai xa máis de dous anos, coa consecuencia de perder a garantía do fabricante". Isto advertíronllo a vostedes e seguiron sen facer nada.

Mirando o que estaba pasando, nós o primeiro que fixemos foi, por primeira vez neste Concello, un contrato de mantemento de contedores soterrados con isto conseguimos poñer en funcionamento absolutamente todos os que se pode. Neste intre hai 26 illas de contedores soterrados e unicamente están fóra de servizo nove.

Pregúntelle por que están fora de servizo estes nove contedores ó anterior concelleiro de Limpeza do seu goberno: porque se instalaron equipos que non teñen o famoso marcado CE que é a garantía do fabricante de que se cumpren as mínimas garantías de seguridade.

Vostedes instalaron nesta cidade equipos nos que non existe ningunha certificación de que hai unha mínima seguridade. Cando xa estabamos gobernando un destes contedores ó lle levantar a tapa saíuse das guías e caeu para atrás, unha tapa que pesa centos de quilos e puido caer sobre un peón. A min se me puxeron os pelos de punta.

A vostedes o único que lles importa é a imaxe pero o que fixeron vostedes foi agachar o lixo e cando nós atopamos esta situación e mirei que non había garantías de seguridade nalgúns contedores dixen que non se abrirían mentres non houbera esas garantías.

Falamos coas empresas concesionarias para que se fixeran cargo do mantemento e dixéronnos que nin falar diso sabendo como estaban os contedores neste momento, tal como os deixou o Partido Popular. Custou moito porque todos sabían como estaban estes contedores. Agora están funcionando absolutamente todos excepto eses nos que eu non teño a garantía de que cumpren unha mínimas condicións de seguridade porque a min si que me preocupan os traballadores, preocúpame que un operario estea traballando e lle poida caer enriba unha tapa, Sr. Sagarra, a vostedes parece que non.

Imos votar que si á moción pero porque estamos traballando niso. Todas illas que cumpren as medidas de seguridade están funcionando e as que non as cumpren son as que están neste intre paradas esperando a que o fabricante certifique que cumpre esas medidas. En canto teña ese papel certificando que se cumpren, ese mesmo día abriñense pero entre tanto non, algo que vostedes non fixeron e sen garantías de seguridade quixeron inaugurar pasara o que pasaxe.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non lle permito nin lle tolero baixo ningún concepto que diga que non nos preocupa a seguridade das persoas, coido que queda suficientemente claro.

Se hai inseguridade vostede ten que falar cos seus compañeiros de Santiago porque os contedores están instalados pola Xunta, onde gobernan vostedes. Como

pode ter tan pouca vergoña política? Tería que se poñer vermella, Sra. Díaz, non lle da vergoña dicir iso?

O pouco que nos deron, déronnos mal, a maioría deses contedores foron instalados pola Xunta, nós deixamos os ocos para que se puideran instalar. É lamentable o seu xeito de dicir as cousas e non lle tolero nin unha cousa nin a outra, nin que nos achaque que non nos preocupa a seguridade das persoas, nin que diga que toda a culpa é nosa. A maioría son da Xunta, tería vostede que reclamar á Consellería.

En todo caso os contedores estaban en garantía e polo tanto era innecesario ter un contrato de mantemento nin nada parecido durante eses anos en que están en garantía. Por certo que tamén terían que falar dalgúns contedores que non se instalaron como os ocos que se deixaron na Praza do Chao no Casco Vello.

O que tampouco podemos consentir que pasaran un ano e medio sen facer nada. Seguen na mesma situación, seguen atascado, fóra de servizo. Di vostede que funcionan todos, iso é mentira, pódese percorrer toda a zona de contedores soterrados en pouco tempo, menos dunha hora e media porque eu fíxeno e estou disposto acompañala.

Hai casos flagrantes como en Velázquez Moreno en que debido a falla de mantemento e de apertura, a xente chega deixar as bolsas penduradas das árbores, non porque non queiran reciclar ou depositar a bolsa no sitio axeitado, senón porque non hai sitio onde o facer. É lamentable.

Imos ver o que está a pasar nesta cidade na que parece que se instalou a "Bruxa Avaría" porque todo está avariado. Voulle amosar algúns dos titulares que lle deu ós medios de comunicación e imos facendo un percorrido do que vostede dixo. "Os contedores soterrados volverán funcionar a final de mes", marzo de 2008. "Supervisarei de noite a limpeza da cidade e en menos de dous meses funcionarán os contedores soterrados", abril de 2008. Un mes logo xa se retracta das súas palabras.

Por certo que o de supervisar a limpeza da cidade, vendo estas fotografías que me facilitaron esta mañá da praza de Portugal onte ás 11 da mañá, realmente non pode ser verdade que vostede vaia revisar en ningún momento. Repito que estou disposto a acompañala aínda que o mellor non considera apropiada ou agradable a miña compañía pero poderíamos organizar quendas.

Outro titular en xuño de 2008 di que "Nove illas soterradas na Alameda levan cinco

meses paradas". As últimas novas de meses recentes como por exemplo "Porto e Concello estudan unha reforma integral das Avenidas ante o seu alarmante deterioro". Logo falaba das brigadas de limpeza e logo isto xa é a gota que colma o vaso: "Coia alza a voz ante o seu abandono e reclama máis Policía", falan de limpeza diaria, poda de árbores, mantemento de rúas, etc.

Iso é o que dicía vostede, agora imos ver o que dicíamos nós. Pleno do 28 de xullo de 2008: barrio de Coia, vostede dicía que ían empezar coa fase das rotondas. Eu dicíalle: "Dende hai catro meses vostedes non pasaron nin unha vez pola rotonda de Navia e a zona está realmente impresentable". Varios meses logo os cidadáns din o mesmo que nós.

Vostede ten un problema, non só é que di bastantes mentiras senón que tampouco nos escoita. "Navia denuncia ante Sanidade o abandono e a insalubridade no novo barrio, unha situación que xa considera insostible", apunta que "...existen zonas onde a maleza cobre as beirarrúas. Esta situación provoca un grave problema de cheiros, salubridade e parasitos". Eu díxeno tres meses antes, agora o din os veciños.

Esta moción que se refire particularmente ós contedores soterrados está relacionada coa limpeza en xeral de toda a cidade, xa o denunciabamos en canto á limpeza nas parroquias de Lavadores, Coia, Navia. Seguen sen facer caso ás nosas indicacións, xa que lles facemos o traballo poderían escoitar e atender ós veciños.

Podíamos facer un resume porque teño un informe bastante científico do que pasa nesta cidade ultimamente, relacionado tamén co que lle pasa ó Sr. Alcalde que di que "O goberno vigués non entende as críticas de abandono de Coia". Vaia por Deus, Sr. Alcalde, hai un estudo científico que nos enviaron esta mañá que di que hai un virus moi daniño que ataca ós veciños de Vigo e que se manifesta de xeito que non son quen de identificar con claridade a realidade, a realidade transfigúrase cando a un lle afecta este virus. Eu debo estar transfigurado tamén, ó mellor teño que me someter a tratamento, estamos tentando buscar a vacina e xa teño aquí identificado o virus. A ver se atopamos esa vacina para que se solucionen estas cuestións porque é asombroso que diga vostede que non entende ós veciños. ¡Vaia por Deus! O Alcalde non entende ós veciños e non sabemos por que.

Con isto coido que é suficiente a explicación e detalla bastante o que está a ocorrer en Vigo. Non boten máis a culpa ó Partido Popular porque nós unhas veces

denunciamos e outras propoñemos e traemos ideas e iniciativas a este Pleno.

SRA. VÁZQUEZ DÍAZ: Alegroume escoitar as palabras do Sr. Sagarra porque ó final a xente amósase tal coma é. O que acaba de demostrar o Sr. Sagarra coas súas verbas é que vostede non quere presentar unha moción en favor da cidade; o que quere facer é criticar por criticar a esta concelleira e ó Alcalde e válelle todo. Vale Navia, Coia, dálle igual, a cuestión é que vostede quere ter o seu minuto de gloria e entón arrampla con todo.

Eu non son como vostede e atéñome, traballo e falo do que hai que falar hoxe. Non me vou poder reprimir e vou ter que falar algo tamén do demais pero tentarei cinguirme ó que estamos a falar hoxe.

Di que non consente que eu lle fale de inseguridade. É a realidade, Sr. Sagarra. Vostedes instalaron uns equipos nos que non hai garantías de seguridade e fomos a Sra. Abelairas e máis eu quen decidimos que eses equipos non entran en funcionamento, tal como define o mercado CE: garantir as mínimas condicións de seguridade. Non quero que pase nada e vostede sabe que poden pasar cousas, sabe que en Santiago houbo un fatal accidente, non quero que pase iso aquí. Mentres eu non saiba que foi o que pasou en Santiago, non poño en funcionamento nin un só contedor sen garantías de seguridade.

Falando de supervisión eu non lle vou dicir cantas noites fixen inspección, se avisei ou non, non teño por que explicarllo a vostede. Teño que lle falar da xestión ós cidadáns e teño que lles demostrar que polas mañás a cidade está limpa tal como é. Pero falando desas inspeccións eu visitei contedores soterrados, sei como é un foso que hai debaixo deses contedores, sei como é o sistema de maquinaria e como funcionan, vin todos os sistemas de seguridade, os mecánicos e os eléctricos, comprobeinos todos, estiven debaixo dun contedor soterrado e dígolle que non é nada doado estar aí mentido. Por iso eu non lle podoo obrigar a ningún traballador que se meta aí debaixo sen non hai garantías porque ata con garantías eu non era quen de entrar alí. Vostedes non sabe o que é estar traballando alí abaixo, aínda por riba se non hai garantías. Para min o máis importante é unha persoa, é o traballador e é un peón que pasa pola rúa.

Falou dos contedores de Velázquez Moreno. Si, un deles é dos que non ten mercado o CE. Pode comprobar que todas as illas que o teñen están en funcionamento.

Están en funcionamento todas excepto nove que son as que lles falla o mercado CE que estamos tentando acadar: Velázquez Moreno, González Sierra, Uruguay, Colón e Concepción Arenal. Ese é o motivo porque non están en funcionamento.

Dígolle igual que o Sr. Domínguez Olveira, non escoitan. Mentres non teña as mínimas garantías de seguridade non os vou poñer en funcionamento. En canto me certifiquen esa seguridade poreinos o mesmo día.

O da Praza de Portugal é o botellón. Vostedes remataban a limpeza do botellón logo das doce; nós estamos entre as dez e as doce, acadamos dúas horas. Incrementamos a dotación para a limpeza do botellón porque a que vostedes tiñan era escasa.

Falando de inspeccións, cantas fixeron vostedes nos anos que gobernaron? Eu levo feitas inspeccións ás brigadas de CE, de FCC que limpan a maleza e atopamos que as brigadas de limpeza que vostedes deixaron limpaban a metade do que tiñan que limpar. Levantamos unha inspección, ameazamos á empresa e agora resulta que as brigadas de limpeza de FCC limpan o que tiñan que limpar segundo o prego pero cando vostedes o deixaron non, só limpaban a metade. Tamén fixemos outra inspección e comprobamos que o sistema de recollida de trastes non é o óptimo porque fan o mesmo recollido distintos camións, un para colchóns e outro para mobles, cando o mesmo camiión podería ofrecer un único percorrido e non se ten que suplementar.

Temos o dobre das brigadas de limpeza que tiñan vostedes, Sr. Sagarra. Neste momento absolutamente todas as parroquias están atendidas, non hai unha soa na que non exista neste momento unha brigada de limpeza. Precisamente temos unha contratada a través do INEM, co programa de Traballo do Sr. Rodríguez Díaz que está traballando en Zamáns. Como polo meu traballo paso por alí mirei o seu traballo e gustoume, tanto que ó día seguinte falei co meu técnico e lle dixen que lle dera as grazas a esa brigada por como está a traballar pola cidade.

Nunca uns traballadores traballaron tanto por esta cidade e iso grazas a que este goberno anímaos, recibímolos, traballamos con eles e están facendo cidade igual que nós.

Falaba de Coia, de Navia. Estamos axardinando Navia, Sr. Sagarra, vostede non viu as rotondas interiores, nin o que estamos a facer coa rotonda exterior en Ricardo Mella. Lembra como nos deixaron esa rotonda? Hai zonas que non son de

titularidade municipal e aínda así imos entrar ó veren como está a situación.

Volvendo ó tema dos contedores, vostede reconece que non tiveron un servizo de mantemento. Como dicía antes o Sr. Rodríguez o feito de mercar un coche novo non implica que non se teña que mercar o seguro porque aínda que sexa novo e teña garantías hai que ter un servizo de mantemento e iso dio a propia empresa que instalou os últimos. A vostedes se lles avisou que se non tiñan un servizo de mantemento podían perder a garantía e deulles igual.

Os únicos que puxemos aquí un servizo de mantemento estable foi este goberno cando vimos o seu estado, cando vimos como nos deixaron os contedores soterrados e vimos os partes de incidencia.

Sr. Sagarra, eu si que non estou disposta a tolerar insultos, nin un só. Este é un Pleno e somos representantes da cidade e como tal pido o máximo respecto e educación. Sinto vergoña de que un representante desta cidade e neste sitio recorra ó insulto.

Nunca nunha cidade traballouse tanto en limpeza como se está a traballar agora. Non hai unha soa queixa de limpeza que non sexa atendida, algo que con vostedes non acontecía.

Tamén volveu falar de que había contedores fóra. Pregúntelle ó anterior concelleiro de Limpeza por que nalgúns sitios ó redor dos contedores soterrados hai contedores en superficie, que lle explique que cando se lle preguntou ó departamento de Limpeza cantos contedores soterrados había que meter nunha zona e contestaron que seis, dixeron que non chegaban os cartos e que ían poñer só tres.

Se meten tres contedores soterrados nun sitio no que se necesitan seis o lixo non cabe por definición e hai que meter á forza contedores arriba, se non bordan, sáense da vías.

Unha vez máis comprobouse que vostede ó único que ven aquí é a criticar por criticar porque pode darse paseos con quen queira por esta cidade e ver todos os contedores soterrados en funcionamento excepto estes nove que citei que non teñen marcado o CE porque vostedes non o pediron. Lémbrolles que si son da Xunta pero da Xunta do Partido Popular.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: É lamentable o que está dicindo. É intolerable que estea

continuamente dicíndome que a insulto; en ningún momento insulteina e iso non llo tolero. Se vostede di mentiras, eu linllas.

En canto ó seguro do coche que é o exemplo que puxen eu inicialmente non ten nada que ver o touciño coa velocidade, non entendo que ten que ver unha cousa coa outra; a instalación e o mantemento co funcionamento, non entendo que ten que ver que o coche estea en condicións con que teña un seguro para circular.

En canto á seguridade para iso existe unha lei de prevención de riscos laborais que está para algo.

En canto ás outras cuestións, os cidadáns menten? Voulle ler unha vez máis porque unha vez máis vostede non escoita. Dicar que eu particularmente veño aquí a facer crítica, lea as mocións que presentei e diga en cales hai crítica e en cales iniciativa ou polo menos se pretende aportar algo positivo para a cidade. Se fai falla estou disposto a facer un debate exclusivamente para iso se mo permite o Sr. Alcalde.

Unha vez máis vostede toma o pelo ós cidadáns. "Coia alza a voz e reclama limpeza viaria, poda das árbores, advertindo a situación logo de non ter ningún tipo de resposta do Concello tras remitir constantemente notas e solicitudes de entrevistas". Vostede di que os atenden a todos, pois hai que ter pouca vergoña dende o punto de vista político. Os cidadáns están moi afectados por ese virus que lle dicía antes, vaia por Deus.

O pasado mes de setembro xa escoitábamnos aquí ó Valedor do Cidadán dicindo que unha de cada catro queixas que recibe o Concello es pola sucidade das rúas e vostede di que as atenden. Quédome perplexo. Logo di que no anterior goberno da Sra. Porro as rúas estaban sucias logo do botellón; pois se limpaba ás dez da mañá e onte a esa hora a Praza de Portugal tiña esta situación, de dez da mañá nada, nin ás once, nin ás doce, nin pola tarde tampouco. Como dicía antes nunha hora e media se percorren todas as zonas de contedores soterrados e percorrinhas en varia ocasións.

É verdade como di vostede que hai contedores de superficie postos onde vostedes non foron quen de poñer en funcionamento os contedores soterrados.

Hai outra cousa na que non dixi a verdade, voulle dicir así para que non se sinta insultada porque en ningún momento a miña intervención ten a vontade de insultar a ninguén. Di que hai nove contedores que non funcionan. Como pode dicir iso? Tómanos o pelo ós cidadáns e a min? Teño fotografías, Sra. Díaz.

Na rúa Pablo Morillo non hai máis que un contedor de orgánico e os demais non funcionan; por certo que os veciños deixan as caixas de cartón fóra porque non hai soterrados nin tampouco contedores de superficie. Marqués de Valladares, un non abre ben, outro foi vítima do vandalismo ou do mal uso, un está danado e non abre nin pecha ben. Velázquez Moreno, todos fóra de servizo ou precintados. González Sierra, fóra de servizo. Uruguai, os tres fóra de servizo. Colon vinte, fóra de servizo. Concepción Areal, dous dos catro non abren. Praza de Compostela, catro fóra de servizo.

Como pode vir aquí a dicir mentiras ou a non dicir a verdade? Como pode dicir que son nove se son máis do 50%? Tómanos o pelo? O que teñen que facer vostedes e gastar menos cartos en propaganda que niso si que gastan bastantes cartos, en facer cuñas nos medios de comunicación sobre o limpa que está a cidade que xa é lamentable, e máis cartos en facer unha boa xestión que é o que aquí se lles esixe. Sr. Alcalde, algúns medios de comunicación xa empezan a referirse a vostede como "Aló presidente", mentres outros programas que levan moitos anos funcionando e que son o nexo de comunicación entre os veciños e a Policía Local anulounos vostede pola súa propia vontade. Deben gastar menos cartos en propaganda e máis en tomar as rendas da xestión desta cidade, neste caso concreto do departamento de Limpeza, Parques e Xardíns.

Terá sempre o meu ofrecemento e a miña vontade para participar en todo o que sexa necesario positivamente. Insisto en que o resolvan logo dun ano e medio porque xa está ben, xa é suficiente e vostede mesmo, como lin antes, dicía que nun mes estaban solucionados os problemas. Pois nin nun mes, nin dous, nin cinco, nin sete. A este paso xa non sei cando.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, instando a posta en funcionamento e mantemento óptimo da totalidade dos contedores soterrados instalados en rúas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.-(195).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á CONVOCATORIA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICA COA RESERVA DO 5% PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro do ano 2008, número 80129472, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Coa aprobación da nova Relación de Postos de Traballo do Concello o pasado 4 de agosto, o Goberno Local, anunciou que a Oferta Pública de Emprego estaría convocada no prazo dun mes a partires desta data.

Estamos xa preto do mes de novembro, e a día de hoxe o único que podemos subliñar e que sumamos unha promesa máis á lista de anuncios incumpridos polo Goberno da Cidade.

Desde o Partido Popular apostamos por garantir e fomentar a oferta do emprego público na Administracións mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición, ou concurso-oposición, baseado nos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade dos opositores.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación en Pleno a seguinte proposta de acordo:

Que se proceda á convocatoria inmediata da Oferta de Emprego Pública do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008.

Que se cumpra a reserva do 5% para aquelas persoas cunha discapacidade superior ou igual o 33% como establece a Lei."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 17 de outubro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: A raíz da aprobación da relación de postos de traballo pola Xunta de Goberno o 4 de agosto de 2008, anunciouse nos distintos medios de comunicación que ía saír publicada no prazo dun mes a oferta de emprego público e que coa maior brevidade posible, antes de rematar o verán, ían ser convocadas as oposicións e finalmente, antes do remate do ano, ían estar feitas a maior parte destas oposicións.

Como sempre e para continuar co que fan vostedes constantemente, isto non foi así. O incumprimento masivo que vostedes teñen noutras circunstancias tamén se produciu nesta ocasión na oferta de emprego público. Estamos no mes de novembro, coido que data suficiente para que tivesen publicado a oferta e algo tan importante como son as bases desa oferta que, se neste intre nin sequera están as bases, ata o verán que ven non verán a luz estas oposicións tan necesarias nestes momentos de crise.

Tamén se produce outro incumprimento, non só cos cidadáns e con este goberno senón coa propia Lei xa que vostedes mesmos coa normativa vixente, a Lei de emprego público para discapacitados 53/2003, non fan a reserva do 5% de prazas para minusválidos cunha discapacidade igual ou superior ó 33%. Ó mesmo tempo infrinxen outras leis como é a Lei de integración social para minusválidos e a Lei para supresión e eliminación de barreiras arquitectónicas.

Observamos que os discapacitados continúan sendo despoixados desas prazas que lles marca a Lei porque este goberno tampouco a cumpre, xa presentou algunha oferta de emprego público dalgún organismo deste Concello e non as quitou.

O Grupo Popular aposta por garantir e fomentar a oferta de Emprego público a través do concurso, da oposición, do concurso-oposición, pero sempre respectando os valores de igualdade, mérito e capacidade que son os que establece a Constitución.

Por isto o noso grupo solicita que se proceda á convocatoria inmediata da oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ó ano 2008 e que se cumpra a reserva do 5% para aquelas persoas cuxa discapacidade é superior ou igual ó 33% como establece a normativa vixente do noso país.

SR. LÓPEZ FONT: Na primeira moción desta mañá, o concelleiro de Cultura amosaba a súa sorpresa polas mocións que presentaba o Partido Popular. Eu non me sorprendo xa destas mocións nin do contexto no que se presentan. Polo desenvolvemento dos Plenos anteriores dáme a impresión que o Sr. Martiño e o encargado dentro do Grupo Popular de ver os temas de persoal, de ser un pouco o meu "secante" no mellor sentido da palabra. Cuestión que está ben e que se debe desenvolver dende a oposición pero coido que se debe facer con certo criterio e rigorosidade.

Esta é unha moción presentada dende o oportunismo político por dúas sinxelas razóns. Primeiro porque vostede sabe que a oferta de emprego público vaise publicar en datas próximas e tamén sabe que nós imos cumprir co que marca o estatuto básico do empregado público no seu artigo 59.

Se en relación coa política de persoal deste Concello o único que se pode traer a este Pleno é unha moción sobre algo que eu sei que vostede ten a certeza que vai saír en datas próximas, non se trata de incumprimentos, Sr. Martiño. Trátase de que no departamento de Persoal deste Concello realizouse un traballo moi importante dende o mes de agosto.

Sabe perfectamente que publicar a relación de postos de traballo supón poñela en marcha, facela efectiva e executala. Sabe que se fixo a avaliación de postos de traballo que deixara o Sr. Guerra acordada cos sindicatos pero sen dotación presupostaria e é este goberno quen o tivo que resolver. Sabe o Sr. Martiño perfectamente que tanto dende Persoal como dende o conxunto deste goberno elaborouse en prazo o presuposto para o ano 2009, o que pasa é que non lle gusta.

Comprendo que politicamente para un goberno como o anterior da Sra. Porro que só foi capaz de ter presuposto un ano dos tres e medio que gobernou, só foi capaz de facer unha oferta de emprego público e só foron capaces de ter unha RPT neses tres anos medio que gobernaron, isto non lles guste.

Eu non teño ningún problema en canto ás datas sabendo que se investiu ben o tempo, sabendo que todo o que lle dicía anteriormente realizouse dentro da materia de persoal deste Concello. Como soen facer vostedes eu tamén me dirixo ós cidadáns e non se trata de se vostedes teñen a iniciativa ou eu ía tela. Que os cidadáns saiban que vai haber oferta de emprego público non só no 2008 senón tamén no 2009, 2010 e 2011. Que saiban os cidadáns ós que lles afecta e ós que non, que nós imos cumprir o artigo 59.

Sorpréndeme moito a súa falla de rigor porque nos di que non se convocou a oferta de emprego público e deseguido di que hai un incumprimento relacionado coas persoas de discapacidade. Quen lle dixo que non se vai incluír o que establece o artigo 59 do estatuto básico do empregado público? Imaxinouullo vostede, díxollo alguén ou é o que lle gustaría que acontecesse? Non se preocupe que non vai acontecer.

Esta é unha moción da nostalxia aínda que vostede non estaba cando gobernaban, de crer que aínda seguen gobernando e que en datas próximas van convocar a oferta de emprego e vano facer co 5% para as persoas con discapacidade. Por cuestión de traballo e porque tal como deixaron o cadro de persoal deste Concello, que todas as concellerías temos serias dificultades para desenvolver todo o que quixeramos, non se preocupe porque vai ter a satisfacción de que votemos esta moción a favor porque xa lle dixen que a oferta de emprego vaise convocar en datas próximas, cousa que me consta que vostede sabe, e nós imos cumprir co 5%. Non teño que lle dar consellos a vostede nin a ninguén sobre a forma de facer as mocións pero sería conveniente que non dubidase do cumprimento da legalidade vixente porque ata o de agora non a incumprimos e nós, trátase de oferta de emprego público, de contratación ou de calquera tema relacionado co goberno desta cidade, cumpriremos, cumprimos e temos cumprido a machada coa normativa.

Entendo que queira facer esta moción para ter certa notoriedade e que pareza que a oferta de emprego convócase e execútase gracias á súa moción, pero non se preocupen os cidadáns que este goberno, a pesar do moito que temos que facer, estamos traballando axeitadamente e esta é unha parcela máis que executaremos todo en tempo e dentro da normalidade.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Que pobre inventiva, que pobre compromiso coa cidadanía. Onte, cando repasaba os meus datos para esta moción comentaba coa miña muller os distintos aspectos que se poderían cumprir neste Pleno e pódolle garantir que non tiven que recoller nin unha nota do que lle ía dicir, é vostede totalmente previsible.

Efectivamente sei o que me ía contestar e voulle dar os datos para que non obvие a realidade. Non fago mocións para notoriedade, fago mocións para a cidadanía, para mellorar este Concello porque vostedes non se encargan del. Dareille os datos referentes á nosa evolución da oferta de emprego publicada por nós.

No 2003 aprobouse o orzamento o 14 de xaneiro e non se fixo nada con relación á oferta de emprego público porque nese momento estaba vixente a Lei 30/1984 que indica que "...No prazo de quince días é preceptivo, coa presentación do presuposto, aportar a oferta de emprego público" e non se fixo nada. A mesma

coalición que hai neste intre entrou en xuño; durante todo o tempo que estiveron vostedes ata que o grupo Popular comezou a gobernar, non fixeron nada, non negociaron cos sindicatos, non concretaron ningún tipo de actuación, nin nada que se lle parecece.

No ano 2003, cando entramos nós en decembro, o Partido Popular o primeiro que fixo foi negociar cos sindicatos, algo que vostedes non creo que coñezan na súa totalidade porque nós, durante todo o tempo que estivemos non tivemos nin unha soa manifestación, nin unha soa actitude negativa por parte dos sindicatos senón que só colaboración.

Comezamos coa oferta de emprego público en 2003, fixemos as xestións pertinentes e cando xa iamos comunicalo, o subdirector xeral da Función Pública Local envíanos un escrito dicindo que non se poden executar ofertas anteriores, así que o Ministerio de Administracións Públicas non publica esa oferta que nós realizáramos, mal que lle pese porque constantemente me lembra que nós non quixemos facer ou non fixemos.

No ano 2004 obviamente todo o mundo sabe que non tivemos presupostos e repito que coa Lei 30/1984 é imposible realizar unha oferta de emprego. No ano 2005 apróbannos o presuposto pese a algún concelleiro que se atopa nesta sala que di que "non se merecían a aprobación dese orzamento". Eu coido que si a merecía a cidadanía de Vigo, pero maxino que ese concelleiro non estaría pensando na cidadanía cando dixo esa frase.

Na aprobación faise a maior oferta de emprego público da historia da cidade de Vigo, 171 prazas. Isto non é fume, non é querer facer; é facer por parte do goberno que estaba nese intre que mal que lle pese, Sr. Font, era o Partido Popular e a Sra. Porro.

Coido que con isto contestei a esa alusión que nos fixo referente ó que nós fixemos ou non fixemos e se quere os datos que, á parte de estar nas actas, seguramente estean no expediente onde se solicitan estes temas, lle poderemos facilitar o que nos pida.

Agora imos co que realmente nos atinxe que é o que me di referente á oferta de emprego de 2008. Di que os funcionarios están atascados; non se refuxie tanto nos funcionarios que son persoal e fágao máis por vostede, pola súa actitude. Eu sempre vexo publicadas tanto as declaracións de seu como as do Sr. Alcalde.

Eu non vou contra vostede, vou contra o que vostede di, contra esa intencionalidade de vender o que leo textualmente na prensa, se a prensa mente dígamo: "O edil confía en que o proceso quedará resolto no prazo dun mes e poidan convocarse as oposicións a finais do mesmo verán", falo de que o Concello convoca 146 prazas.

O Alcalde declara no mesmo sentido confiando no que vostede di, obviamente fíase, eu non vou entrar nesas ordes de mando pero o que está claro é que o din os dous.

Eu teño que me fiar do que di vostede e a cidadanía tamén. Espero que haxa esa oferta de emprego porque vostede ten uns compromisos.

A relación de postos de traballo de 2008 apróbese o 4 de agosto como xa dixen, un ano e dous meses logo da súa toma de posesión no goberno. Tres meses despois aínda non temos ningún tipo de publicación, nin da oferta, nin das bases, nin de nada que se lle pareza. Imaxino que o que leva iso aparelado é que hai unha paralización.

Dime que hai outras cousas que facer. Se vostede non pode, déixenos gobernar e xa vería como o faríamos, o que vostede esta facendo, o que fixemos nós e a oferta de emprego público eu sacaríalla ó unísono, a capacidade de traballo ten que ser total, sobre todo cando estamos a traballar para a cidadanía de Vigo que é quen necesita da nosa axuda.

Aínda que as Leis actuais, como vostede dixo, llo permiten a vostedes, o artigo 59 é o de discapitados pero eu cítolle outro máis que é o artigo 70 que non sei se o mirou pero fai referencia ó presuposto relacionado coa oferta de emprego público, efectivamente dálle maior marxe que antiga Lei 30/1984, pero ós cidadáns as leis non lles importan, o que lles importa é que se fagan as cousas e o que non entenden é que cos cartos presupostados en 2008 non se exerciten accións porque eses cartos se perden; ou se adican a outras cousas, por exemplo a persoal desta casa que cobra dúas veces polas mesmas accións, teño aquí a documentación que o corrobora.

O que leva a esta situación anómala é que non sacamos a oferta de emprego público. Non publicar a oferta no seu momento ten estas consecuencias.

Isto é un deixamento de funcións pola súa banda, Sr. Font, e non me diga que ten moito traballo, non tente introducir neste debate a valoración correspondente que

nós deixamos porque non había presuposto, sexa máis realista co que falamos que é a oferta de emprego público.

Insisto en que as continuas declaracións de seu e do Sr. Alcalde no sentido da oferta de emprego público son o que son, non unha mentira porque ó mellor se interpreta coma un insulto e non é a miña intención, senón unha falta de realidade, de rigor.

Eu non quero facer esta moción para levarme os galóns, pero se gracias a ela vostede publica dunha vez a oferta de emprego, gracias a Deus e eu estaría orgulloso non só pola miña moción senón pola cidadanía.

Non quero esquecer o último que mencionou en relación co 5%, que di que non sei do que estou falando, que nós non fixemos iso nunca. Sr. Font, o rigor esíxeme que cando lle digo a vostede algo o teña totalmente documentado. Non quería sacalo pero como vostede sempre me obriga a facer determinadas actuacións indícolle que a oferta de emprego público da Xerencia Municipal de Urbanismo non recolle ese 5% e xa se publicou no Boletín, así que non me diga que o está facendo cando realmente eu non o vexo. Ó mellor é que eu non o mirei pero se mo indica, estaría encantado de que vostede mo ensinase para que a xente discapacitada deste Concello e quen se queira presentar teñan a capacidade para o facer e teñan esas prazas destinadas para eles.

SR. LÓPEZ FONT: Eu serei previsible, Sr. Martiño, pero vostede é absolutamente repetitivo e o que lle traízoa a vostede son as omisións que fai. Paréceme moi ben ese nivel de esixencia que ten en relación coa cidadanía, pero sería bo que vira os prazos e que non estivesen vostedes pendentes se se dixo un mes ou mes e medio porque hai que ser ousado politicamente para facer o relato que vostede fixo porque o que falta é o importante.

Está moi ben o que di que no 2005 hai unha oferta de emprego público do goberno da Sra. Porro pero como no informa á cidadanía que esa oferta que vostedes publicaron no ano 2005 non sacaron os exames ata o ano 2007 e acabou este goberno esa oferta de emprego. Como se pode atrever politicamente a dicirme que podemos levar un mes e medio de atraso cando vostedes someteron ó persoal desta casa a un estrés tremendo para que a oferta de emprego se consumase nos meses previos ás eleccións de maio de 2007 coa intención de dar esa aparencia de

que vostedes eran mellores que ninguén. Sinceramente é o colmo.

Eu serei previsible pero para dicir as cousas que vostede di en primeiro lugar hai que ter nostalxia de gobernar e en segundo lugar se nota moito que realmente o que impregna aquí é a nostalxia por gobernar.

Eu non mesturo as cousas, non me escudo en ningún momento no persoal desta casa, pola contra xa me gustaría que vostedes nas súas intervencións defenderan tanto ós funcionarios desta casa coma eu porque ás veces, ó mellor non se dan de conta, pero con determinadas cousas que din fraco favor lles están a facer e así din eles mesmos.

Como non me vou referir ó tema da valoración? Como lle dicía antes vostede no seu exercicio de oposición sabe perfectamente e fai un seguimento desta concellería, pregunta continuamente en Persoal e dálle a información. Téñome que referir a un proceso de valoración que acordou o anterior concelleiro de Persoal sen ningunha acta, dígollo aquí e respóndame vostede ou os que estaban, empezando pola ex-alcaldesa e polo tenente de alcalde Sr. Figueroa.

Eu non fago deixamento das miñas funcións pero todo o que acordo cos sindicatos e estou a acordar moitas cousas, é público e está dentro das actas. Como concelleiro de Persoal cando tiven que aplicar a valoración que o Sr. Guerra acordou, non ma pode vostede ensinar, non hai ningunha acta coa representación laboral. Se iso ó seu grupo de trece concelleiros hoxe lles parece a forma de funcionar, coido que evidentemente estamos noutra situación totalmente distinta.

Eu asumo as miñas responsabilidades e digo que cando algo se pode atrasar un pouco, atrásase como nos pasa a todos pero iso non é facer deixamento de funcións. Claro que falo da de 2009 e de 2010 e vostede verao nos anos que nos quedan por gobernar porque só levamos un ano e catro meses.

O alcalde e máis eu estamos na realidade absolutamente en todo. Nas miñas intervencións eu non mesturo alusións a virus e outras cousas que non veñen a conto. Maximo que o que lle preocupa é que haxa oferta de emprego, lin a súa moción e di que se convoque de inmediato a oferta de emprego. Como sei que vostede sabe que se vai convocar, imaxino que o que lle preocupa é que eu lle conteste afirmativamente.

Falamos da oferta de emprego de persoal propio do Concello de Vigo. Cando queira falamos onde debemos falar da oferta de emprego da Xerencia de Urbanismo ou

doutras convocatorias. Manteranse e respectaranse os artigos 59, que se titula persoas con discapacidade, e o artigo 70 de oferta de emprego público.

Tampouco eu llo pensaba dicir pero xa que se trata de se por medallas e visualizar o que cada quen facemos, direille que este goberno conxuntamente e a proposta da concellería de Benestar Social, temos a intención de incluír nos pregos de contratación que se beneficie ás empresas que concursen e que estean cumprindo coas normas da porcentaxe mínima de persoas con discapacidade nas súas empresas.

Se o que pretendía era facer un debate político, coido que lle saíu bastante mal. Se o que pretendía era algo que xa sabía que se ía executar, váiase coa seguridade deste Pleno de que se levará a moción aprobada pero tendo eu a ocasión de dicir ós cidadáns que estamos en prazo, que imos a cumprir e que as dúas peticións de seu serán aprobadas este ano, o que ven, o outro e o ano antes de volver presentámonos ás eleccións e vostede veralo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Xa lle dixen antes que non me quero poñer medallas, parece que non me escoita, traballo para a cidadanía e o meu traballo é a alegría da cidadanía cando exercitamos as nosas actuacións. Non necesito medallas.

Non teño nostalxia de goberno posto que nunca o fixen.

Vostede e máis eu sabemos perfectamente que non todo está contribuíndo a aportar os sindicatos dentro dos seus pregos, a proba está en que na miña anterior moción xa lle indicaba algunhas actuacións por parte dos sindicatos e fixo caso omiso, non pode dicir que está en consonancia na súa totalidade. Efectivamente si contempla moitas das súas solicitudes pero ó mellor non todas as necesarias.

Tamén falo cos cidadáns, xa me gustaría ter maior cordialidade á hora de poder falar con eles pero si está claro que en ningún momento me din nada negativo senón positivo das miñas actuacións así que non me diga que non sabemos como tratar ós funcionarios.

O que lle pido con esta moción é que faga algo que non fixo, parece que incorporou o 5% na oferta de emprego público da Xerencia de Urbanismo e coido que non o fixo, repítolle que se quere que mo ensine. Non me indique vostede que xa o fai, maxino que gracias ó que estamos indicando hoxe farano e que nas bases esperemos que se faga.

A miña moción, como case todas elas, vai sempre en sentido para que vostede actúe sobre o que nós dicimos. Di que ás veces traballo e que ás veces non; gustaríame que se puxera de acordo, o que lle podo garantir é que sempre estarei pendente do que pase neste Concello en calquera das áreas e calquera do meu grupo pódoo facer, coincide sempre que son eu pero pode ser calquera outro.

Por favor, déixese de desculpas absurdas e baratas e xa que algún dos seus compañeiros non quere axudar ó seu xefe para acadar ese pleno emprego, axude vostede ó Sr. Alcalde e publique dunha santa vez a oferta de emprego público porque lle reitero que non me importa se o fan a *posteriori* ou non, no sentido que a Lei lles da a cobertura. Falo das súas palabras, das que saen publicadas na prensa e non só con isto, senón con outras actuacións por parte do Sr. Alcalde e de vostede e non quero nomear todas elas porque estaríamos aquí toda a mañá.

Presente a oferta de emprego público o antes posible, déixese de escudar en que ten moito traballo coa valoración que como vostede dixo xa a deixamos feita e presentan a oferta para que se reduza esas 136 o 147, porque na prensa din vostede e mailo alcalde 147 e parece que son 136, tamén niso mente ou non din a verdade, non o sei.

Presenten a oferta que seguro que esas 136 ou 147 persoas reducirán as listas do paro desta cidade.

(No momento da votación está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, instando á convocatoria da oferta de emprego pública coa reserva do 5% para persoas con discapacidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (196).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A SUBSTITUCIÓN DUNHA FUTURA CAMPAÑA ANUNCIADA POLA

CONCELLERÍA DE SANIDADE POR OUTRA QUE AXUDE A ACADAR
VERDADEIROS COSTUMES DE VIDA SAUDABLES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2008, número 80129485, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

"Recentemente apareceron nos medios de comunicación locais diversas novas sobre a futura publicación por parte de Concellería de Sanidade dunha guía onde se reflectirán os quilómetros das diversas rúas da cidade, así como, as calorías que se consumen durante o seu percorrido e nivel de intensidade e dificultade, enmarcando todo isto nunha suposta actuación de condutas saudables.

Dende o Partido Popular queremos por de manifesto os posibles efectos perniciosos deste tipos de informacións, xa que estimamos poden xerar principalmente confusión; en primeiro lugar porque descoñecemos a fiabilidade destes datos ao non saber a fonte de elaboración.

Coidamos pois que a pesares desta loable intención as súas consecuencias poden ser mais prexudiciais que beneficiosas para estes "costumes saudables" que se pretenden fomentar.

Por todo isto proponse ó Goberno Municipal que substitúa esta campaña por outro tipo de actuacións que poidan axudar a conseguir verdadeiros costumes de vida saudables, e non fomente este tipo de "actuacións" que inducen ó engano e á confusión entre os cidadáns"

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 17 de outubro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Muñoz Posse, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LAGO REY: Vostede está criticando algo que non coñece e ademais recoñece que por iso mesmo vaine criticar e vaise poñer en fronte. É a primeira vez neste Concello que hai un Plan Saúde. Métese vostede coa Delegación Provincial de Sanidade, coa Consellería de Sanidade e este Plan Saúde fíxose baixo as directrices da Rede Europea de Cidades e Municipios Saudables, a ONS, o Ministerio de Sanidade, o SERGAS, facultativos, médicos colexiados que deseñaron o Plan Saúde deste Concello e que o van supervisar; licenciados do INEF e MIRs que están

encargados de campaña que se presentará.

Paréceme absurdo discutir isto. Camiñar é tan inherente ó ser humano como pode ser pensar e soñar, está por riba da súa valoración e da miña. Sinxelamente lle digo que esta moción é tan absurda que é case indefendible. Propóñolle que a retire porque está a dicirlle a esta Corporación que non camiñe. Non entendo nada.

O programa de rutas urbanas saudables da Consellería de Sanidade e Consumo forma parte das actividades enmarcadas no Plan Saúde do Concello de Vigo. Dito plan segue as directrices da Rede Española de Cidades Saudables, da Federación Española de Municipios e Provincias en convenio co Ministerio de Sanidade e Consumo. O Plan Saúde deste Concello establece grupos de actividades con marcados obxectivos relacionados coa mellora da calidade de vida e da saúde da poboación local. Para isto define tres grandes grupos de actuación.

O primeiro práctica de actividade física moderada, o segundo mellora da nutrición e a alimentación e o terceiro prevención de hábitos nocivos: alcoholismo, tabaquismo, etc.

A redacción e elaboración do Plan Saúde e por tanto o programa de rutas urbanas saudables levouse a cabo por persoal facultativo do Servizo Galego de Saúde, tomando en consideración a bibliografía existente, nos estudos e resultados publicados na comunidade científica, así como nos criterios e recomendacións máis actuais que relacionan a práctica da actividade física moderada diaria coa mellora da saúde. Non sei se se da de conta que está vostede a enfrontarse ó SERGAS.

O programa de rutas urbanas saudables baséase no deseño de rutas circulares que cobren maioritariamente o espazo urbano da cidade de Vigo, de xeito que calquera cidadán de forma individual ou colectiva teña información o máis aproximada posible da distancia percorrida, o nivel de intensidade, cálculo calórico en base ós datos persoais, etc.

O obxectivo deste programa é facilitar á cidadanía un plano que lle incentive a realizar diariamente actividade física moderada no seu contorno máis próximo e promover o desprazamento pola cidade sen o uso de medios mecánicos de locomoción coa conseguinte mellora sobre o medio ambiente.

Na actualidade dito traballo atópase en fase de elaboración e recollida de datos, aínda non se presentou, só se falou del e vostede xa o rexeita. Para isto se están a utilizar as fórmulas de cálculo publicadas sobre distancias, calorías, peso corporal,

etc. Sistemas de posicionamento global con altímetro, cartografía a escala da cidade de Vigo e podómetros.

Citando os traballos publicados por don Iván Martínez Lemos en concepto de programa, indica que foi cuidadosamente deseñado, que está avalado polo éxito de iniciativas similares postas en práctica na última década en diferentes cidades de Europa, principalmente Berlín e Londres, e que inclúe un modelo de valoración fiable.

O concepto de ruta en realidade é a adaptación ó medio urbano do concepto de viero no medio natural e é importante salientar que se trata de rutas e non de meros paseos. A ruta ten un inicio e un final, está acoutada, sábese de antemán a súa lonxitude, a súa adecuación ou non ó tipo de usuario segundo o seu nivel de condición física, o seu trazado, etc.

Tomamos como referencia de base os traballos realizados por don Iván Martínez Lemos, licenciado en ciencias de actividade física e deporte. Nos ditos traballos expón os referentes das entidades do mundo da saúde e a súa relación co programa de rutas urbanas. Entre outras consideracións citamos as seguintes:

En maio de 2004 a LVII Asemblea mundial da Saúde aprobou a estratexia mundial sobre réxime alimentario, actividade física e saúde. A meta xeral desta estratexia é promover e protexer a saúde orientando a creación dun contorno favorable para a adopción de medidas sostibles a escala individual, comunitaria, nacional e mundial que en conxunto dean lugar a unha redución da morbilidade e a mortalidade asociadas á alimentación pouco sa e á falla de actividade física.

Dende hai anos os resultados de levar unha vida máis activa cuantificáronse en aforro de gasto farmacéutico, redución de baixas e absentismo laboral, redución de número de consultas, etc., como se demostrou en diversos estudos, Franklin 2006, Johnson 2005.

A evidencia que relaciona actividade física moderada con ganancia de saúde serviu de punto de arranque a moitas iniciativas públicas de promoción da saúde a través de camiñadas. Diversos organismos internacionais coma a ONS aconsellan a utilización masiva dun método tan económico e efectivo como camiñar a todos os países do mundo, excepto nesta cidade polo que vexo.

Existen evidencias sobre as recomendacións internacionais da conveniencia de acumular polo menos trinta minutos de actividade física moderada cinco días ou

máis á semana, considerando acertado promover camiñar coma un medio masivo e idóneo de promoción da saúde nos países desenvolvidos. Na actualidade o estudo do fenómeno de camiñar experimentou un inusitado desenvolvemento que se traduce en investigacións sobre as posibles relacións e interaccións dos programas para camiñar e as súas importantes funcións como medio de transporte urbano, non contaminante e saudable. Mesmo se realizan ensaios clínicos para determinar a influencia dun programa de camiñadas sobre patoloxías asociadas á posmenopausa ou para coñecer os seus efectos nun programa de tratamento da obesidade.

Nos últimos anos diversos estudos trataron de aclarar o papel do podómetro como axuda e complemento nos programas de camiñar para adultos e maiores evidenciando que existe unha asociación significativa entre camiñar máis de dez mil pasos ó día e acadar efectos positivos sobre a saúde neste grupo.

Falando de podómetros lembro unha cousa que me pasou esta fin de semana. Atopeime cunha señora mentres baixaba a rúa colón que camiñaba rápido e como me quería falar sentínme obrigada a camiñar ó mesmo paso ca ela. Cando lle preguntei se era necesario camiñar tan rápido contestoume que estaba a facer o seu adestramento dos seus dez mil pasos diarios. Pregunteille como os contaba e sacou da cintura un pequeno podómetro. A poboación xa está informada, eu só lles vou dar algún instrumento máis.

Por outra banda e como exemplo de referente internacional destacamos o Reino Unido na súa idea de camiñar cara a saúde introducida polo doutor William Bear nos anos 90, cando o seu centro de saúde nunha pequena localidade inglesa comezou receitar ós seus enfermos sinxelas camiñadas. Este concepto cobrou pulo e a Fundación Británica para a saúde formou unha alianza con diferentes axencias públicas e patrocinadores privados que acadaron mobilizar no primeiro ano a máis de trescentas mil persoas de todas as idades que comezaron consumir camiñadas como medicamento para mellorar a súa saúde.

Como exemplo de referente próximo destacamos o programa de Rutas urbanas saudables en A Coruña, iniciado no ano 2004, que nos serviu como base importante de traballo.

O presente texto reflicte con claridade que unha vez finalizados os traballos de deseño das rutas urbanas o cidadán vai ter unha información clara e detallada do

programa. A recollida de información e datos é fiable posto que os sistemas de medición e a metodoloxía empregada baséanse nos estudos publicados previamente. As consecuencias do programa serán claramente beneficiosas posto que se incluírán recomendacións de consulta co médico de cabeceira no caso de existencia de patoloxías relacionadas.

Por todo isto e como conclusión o persoal técnico que supervisa e coordina o programa de Rutas urbanas saudables informa da existencia de evidencias científicas suficientes que demostran a súa relación coa mellora da saúde dos cidadáns que o leven a cabo.

A súa moción é tan absurda que lle pido que a retire.

SRA. MUÑOZ POSSE: Eu critico algo que coñezo moi ben porque non me pode dicir que non coñezo este tema. Non estou en contra das camiñadas, paréceme moi ben porque camiñar é moi saudable, iso será un problema entre vostede e o concelleiro de Deportes porque el propón camiñar, vostede tamén, imos facer peregrinacións por Vigo.

O único que quero é que saque as calorías das camiñadas, a xente non ten que saber as calorías que gasta, iso é desinformar á sociedade porque tanta información é desinformación.

Por outro lado, vostede sabe que é a anorexia? porque se non o sabe a miña compañeira e máis eu cando queira levámola á Asociación de Bulimia e Anorexia de Pontevedra e coñece a realidade da anorexia.

Non pode fomentar tantas camiñadas e tantas calorías cos problemas de anorexia que hai nesta cidade. Se non o sabe eu infórmolle que hai un 6% de nenas e mulleres anoréxicas e iso é un problema.

Se vai regalar podómetros a todo o mundo, apaga e ímonos porque co nivel de crise no que vivimos se nos adicamos no Concello a regalar podómetros...

Teño outra pequena dúbida. No plan de saúde di que vai haber seis licenciados en educación física que serán quen fagan as medicións dos parámetros. Isto é máis desinformación, para que lle vai dar parámetros á sociedade se non saben o que significan? Todo o mundo sabe para que vale o perímetro abdominal? Que eu saiba non, se quere preguntamos aquí.

O único que quero é que non poñan as calorías no plan de saúde. As camiñadas

parécenme moi ben, fomentan o exercicio físico e todo o que queira pero están desinformando á sociedade.

SRA. LAGO REY: Non imos retirar nada. Coido que é demasiado ousada, eu fíome do SERGAS, da Consellería, do Ministerio, das directrices da ONS, da Rede de Cidades Saudables, do doutor que preparou este plan saúde e da xente que traballa nel que son todos licenciados ou facultativos.

A valoración está moi por riba da súa con consideración ou da miña. Como di vostede, se se enfronta a todo o mundo médico apaga e ímonos.

Aquí fálase de control de tensión, de circulación, de alimentación saudable, falamos de composición corporal. Non falamos de estética, xa sabemos como funciona a anorexia e a bulimia.

Repito que camiñar é moi saudable, a poboación vai ter unha información que vai saber xestionar porque detrás vai ter a todos os técnicos e facultativos que necesite e que saben que información teñen que dar. Coido que estamos a falar de cousas totalmente distintas.

SRA. MUÑOZ POSSE: Non digo que os cidadáns non saiban o que é a tensión arterial pero hai certos parámetros que non saben que son e darlles tanta información non é bo. Non me meto coa ONS, nin con o SERGAS nin con ninguén. Coido que sei un pouco do que falo e repítole que tanta información ós cidadáns non é bo porque desinforma e tratar así á anorexia cando é un problema moi grave que existe nesta cidade paréceme unha cara como un piano pola súa banda. Isto non é cuestión de política, é cuestión da saúde dos cidadáns e a saúde é o último.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Posse, referente a substitución dunha futura campaña sobre costumes de vida saudables, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (197).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO QUE O NOME DUNHA RÚA SEXA "XOSÉ TEIJEIRO ROIS".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de outubro de 2008, número 80129529, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"O pasado 10 de outubro de 2008 celebramos o día mundial da Saúde Mental, este ano co lema "Convertendo a saúde mental nunha prioridade global-mellorando os servizos a través da reivindicación e a acción cidadá" co obxectivo de facer da saúde mental unha prioridade.

O Doutor D. Xosé Teixeiro Rois, psiquiatra e psicoterapeuta, foi fundador de grupos como ASVIDAL (Asociación Viguesa de Alcohoxía), Renascenza (Asociación de alcohólicos abstinentes), así viña desenvolvendo unha importante labor dos sectores máis desfavorecidos da sociedade viguesa.

Sendo no seu día director dos centros CEDRO e Alborada de axuda o toxicómano, un dos impulsores de "Érguete", foi o responsable da apertura e a dirección do hospital psiquiátrico "O Rebullón" e foi supervisor da institución "Saladino Cortizo" para nenos con problemas psicolóxicos. Foi creador dun centro de día para xoves esquizofrénicos e traballou con persoas que tiñan problemas co xogo, poñendo en marcha "Xogadores Anónimos". Tamén contribuíu na creación de "Aliar" a Asociación Cidadá para a Prevención da Violencia.

Móstrase a transcendencia do seu traballo no exercicio da medicina tanto en Suíza coma en Canada.

Asemade foi nomeado Vigúes Distinguido no ano 2005.

Respectando os acordo Plenarios nos nomes de rúas, de topónimos e nomes de mulleres, e como mostra da transcendencia no ámbito dos sectores máis vulnerables o traballo de D. Xosé Teijeiro Rois.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para solicitar que o nome dunha rúa sexa para D. Xosé Teijeiro Rois."

A Comisión Informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de outubro de 2008, quedou informada do contido desta moción.

A Sra. García Míguez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Non está ben, dígollo porque esta moción realmente é un dobre xogo. Por unha banda nos argumentan que se adique o nome dunha rúa ó Doutor don Xosé Teixeira Rois, sen dúbida ningunha unha persoa totalmente merecedora desta distinción e niso estamos totalmente de acordo.

Pero como vostede coñece perfectamente, en xullo de 2006 o Pleno desta Corporación municipal acordou que se dean nomes de muller ás rúas de nova creación, buscando o equilibrio inexistente nestes momentos.

Penso que non é serio que sabendo deste acordo vostedes nos traian unha proposta coma esta a este Pleno. Máis aínda que nos propoñan, como din na propia argumentación da moción, respectando o acordo de xullo de 2006 sobre nomes de mulleres, que lle poñamos o nome dun home a unha rúa. Así é como entenden que se respectan os acordos plenarios? É realmente curioso.

Tomamos nota da iniciativa, no seu momento si apoiaremos que a unha rúa desta cidade se lle poña o nome de Xosé Teixeira Rois pero agora e en cumprimento do acordo plenario de xullo de 2006 voulle pedir que retiren esta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Vou reiterar o manifestado na Xunta de Voceiros que se realizou antes deste Pleno, onde o BNG e o Partido Socialista solicitaron do Partido Popular a retirada desta moción. Súmome á petición que ven de realizar o concelleiro de Cultura e apelo á voceira do Partido Popular, Sra. Porro e en todo caso e se é necesario, facer unha paréntese neste Pleno para que se retire esta moción.

Coido que cando este Pleno decide dar o nome dunha persoa a unha rúa debe ser sempre produto do consenso de todos os grupos, máis na persoa que está a propoñer o Partido Popular que, como ben di na moción, mesmo foi vigués distinguido no ano 2005. O Grupo Municipal Socialista coida que non é xeito de actuar por parte do Partido Popular e o peor é que é a segunda vez.

Coido que cando se pretende dar o nome das rúas a persoas que fixeron moito por esta cidade debe ser froito do consenso e non temos que facer partidismo e presentalo cinco minutos antes que outro grupo político.

Sra. Porro, é a segunda vez que o Grupo municipal do Partido Popular nesta lexislatura propón un nome para unha rúa co que todos os grupos estaríamos de acordo e non é bo que se nos someta por esta forma a querer decidir. En primeiro lugar porque non é a forma correcta, quero lembrar como xa se dixo que hai un acordo plenario que temos que respectar, pero por riba dese acordo plenario e a intención do ampliar estamos todos, como ben dicía o concelleiro de Cultura.

Lémbrolles ós concelleiros do Grupo Popular que hai unha comisión para a proposición de nomes de rúas e do mesmo xeito que teño que dicir aquí que non me parece ben a actitude do Partido Popular e que a considero intransixente, é unha mágoa porque o talante da concelleira representante dese grupo municipal na comisión á que fago mención é totalmente distinto ó que amosan vostedes aquí. Coido que porque o Partido Popular queira apuntarse o tanto ante un determinado colectivo ou determinada familia, non se nos debe someter ós outros dous grupos a quedármonos na disxuntiva de ter que dicir si ou non a un nome de rúa. Creo que isto é moito máis serio que como se está a presentar e apelo novamente á Sra. Porro, como voceira do Partido Popular, a que mediten vostedes sobre a retirada deste expediente, entre outras cousas porque nós, como grupo municipal Socialista, non teríamos ningún inconveniente.

Estou a dicir algo razoable porque é a segunda vez que vostedes, por querer anticiparse ós demais, propoñen un nome de rúa sen o consensuar connosco e coido que as persoas que vostedes propuxeron merecen de vostedes que o fagan para que, postos de acordo, sexa o conxunto desta Corporación quen vote a favor.

Con esta exposición quero deixar moi claro que o grupo municipal Socialista non ten ningún problema en que unha rúa sexa para don Xosé Teixeira Rois, pero consideramos que o xeito de actuar pola súa banda non é a idónea. Vostedes que soen apelar ó diálogo, ó consenso, a que fagamos caso dende o goberno, tamén sería bo que se aplicasen as súa propias receitas. Por iso tamén solicitamos que retiren esta proposta, reconducila dentro da comisión das rúas que xa se reuniu, que chegamos a acordos e todos os nomes de rúas que viñeron a este Pleno foron votados polos vinteseite concelleiros.

Se non atenden a esta petición é evidente que o que buscan con esta moción sinxelamente é unha actitude partidista que con respecto a estes temas coido que non se debería aproveitar.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos un pouco a situación que se creou; sinxelamente cremos que se ía votar a favor a moción sen lle dar voltas.

Evidentemente se non se reuniu a comisión non podemos presentar a nosa proposta. Dalgún xeito no punto tres do Pleno de hoxe ven reflectida esta incongruencia que expoño. Nós tampouco puidemos debater, saltáronse o procedemento con respecto a esta situación.

Na moción aparece reflectido que hai que respectar os acordos plenarios de topónimos e nomes de mulleres, pero vendo a situación e que estamos todos de acordo pareceunos adecuado presentar esta moción.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Entendo que non retira a moción. Síntoo realmente.

Sra. García, vostede é perfectamente coñecedora de que hai un acordo plenario que di que ás rúas da nosa cidade se lles debe poñer como primeira opción o nome tradicional de existiren e nese caso non hai nada que pactar. O acordo que se propuxo a principio da lexislatura foi que naquelas rúas novas ás que hai que lle poñer un novo nome por non existir toponímico, rúas coas que se lle quere render algún tipo de homenaxe a persoeiros ou colectivos, chegaran a este Pleno logo de tentar un acordo entre os tres grupos que conformamos esta Corporación. Así se fixo por exemplo no caso das seis rúas adicadas a mulleres represaliadas, por certo unha proposta que vostedes non votaron a favor.

O nome da rúa Valoutas que aparece no punto 3, é un nome toponímico como así o certifica o departamento de Normalización Lingüística e vostedes saben perfectamente que como paso previo para chegar a este Pleno, pasou pola comisión informativa correspondente onde vostedes si que están representados.

Son vostedes quen saltaron ese acordo traendo en moción unha proposta de nome de persoa para unha rúa sen pactalo previamente, quizais porque sexa un xesto para a galería, como ven de comentar o meu compañeiro o Sr. López Font, xa que son perfectamente conscientes de que están a incumprir un acordo deste Pleno.

Síntoo pero temos que votar en contra da moción.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos a negligencia por parte do goberno con respecto a que non se convocou a comisión e estannos a esixir a nós o que vostedes non cumpriron.

Lembrámoslles que o concelleiro do BNG, don Amador Fernández, unha vez que xa se chegara ó acordo plenario de respectar os topónimos e dar nomes de mulleres, tamén propuxera o nome dun señor e si que se aceptou a proposta sen pasar pola comisión, así que é segundo lles conveña.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, instando a nomear unha rúa como "Xosé Teijeiro Rois", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (198).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL Á CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DO DEPORTE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2008, número 80129466, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"Dende hai tempo unha vella demanda dos deportistas vigueses que practican o béisbol é dispor dunha instalación digna e fixa que permita a posibilidade de incrementar a participación deportiva. De feito, existe unha notable demanda da práctica deportiva desta modalidade en Vigo, amais dos éxitos deportivos acadados por quen o practica.

Ata o momento o equipo "Coinasa Halcones de Vigo" ven utilizando un terreo de xogo cedido pola Entidade Local Menor de Bembrive, que no novo Plan Xeral pasa a ser solo contemplado nun ámbito de planeamento secundario, obrigando ao equipo a solicitar do goberno local unha instalación permanente.

O Partido Popular xa fixaba no PXOM, na Cidade do Deporte, un espazo para a construción dun campo de béisbol, e confiamos en que, tal e como estaba previsto, no desenvolvemento do Plan Xeral o goberno actual aborde a creación desta superficie deportiva e que nela se contemple un campo de béisbol.

A excelente tempada pasada levou ao equipo da nosa cidade a ascender a División de Honra do béisbol en España, propiciou o achegamento de moitos rapaces e rapazas de Vigo e comarca que xa teñen unha motivación especial para practicar béisbol. E motivo de orgullo para a cidade contar cun novo equipo no máis alto do deporte español, como o Octavio Pilotes Posada en balonmán, o Celta Indepo en baloncesto feminino, o Valery Karpin en Voleibol ou o Aldasa Amfiv en baloncesto en cadeira de rodas.

A oportunidade que se lle presenta ao goberno co novo Plan Xeral é única para satisfacer as necesidades de novas instalacións que teñen en materia deportiva os clubs de Vigo. Ata o momento o pulo en xestión e gasto co motivo da Universiada non está a rendibilizarse en novas infraestruturas que cubran as demandas que se están a solicitar.

Con estes argumentos, temos que requirir ao Goberno Municipal unha mellor xestión dos recursos, dando prioridade ás xustas demandas, xustificadas e avaliadas pola traxectoria deportiva de equipos e entidades. Neste caso, dende o Grupo Municipal do Partido Popular defendemos a necesidade de dotar dun campo estable para a práctica do béisbol ó equipo da cidade.

Por todo isto o Grupo Municipal do PP, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a construción dun campo de béisbol na cidade do deporte."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 17 de outubro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Vigo é unha cidade cunha grande actividade deportiva e non só nunha ou varias modalidades, senón que practicamente temos equipos en todas as modalidades en con bos resultados deportivos.

Temos que falar neste pleno do béisbol que é precisamente un dos deportes minoritarios pero que en Vigo ten unha forte traxectoria e que nos últimos anos,

concretamente dende o ano 2003, o club "Los Halcones" de Vigo, constituíronse, buscaron un terreo de xogo na Entidade Local Menor de Bembrive e dende o Goberno municipal tentouse axudalos e apoialos para iniciar esa actividade deportiva.

O Plan Xeral aprobado recentemente fai que este terreo de xogo estea afectado, contéplase como un solo de ámbito de planeamento secundario para unha área de reciclaxe e á súa vez este novo Plan Xeral contempla un espazo, a Cidade do Deporte, o que fai necesaria unha nova formulación á hora de afrontar o futuro desta modalidade deportiva.

O Partido Popular como goberno e antes de que se aprobara o Plan Xeral, no anterior mandato fixo unha planificación do que necesitaba o ámbito deportivo na cidade en canto a infraestruturas e no seu día se fixo un estudo das posibilidades que tiña a Cidade do Deporte para afrontar as distintas modalidades.

Por suposto que o béisbol estaba contemplado nunha das áreas, concretamente na catro; esta modalidade tiña os seus comezos no ano 2003 pero nos anos seguintes estaba dando bos resultados deportivos e sobre todo tiñan un bo proxecto, pois non só se falaba dun equipo de elite, senón que fundamentalmente dunha proxección, traballando dende a base con nenos e nenas nos colexios, incluíndoo nas escolas municipais deportivas e con iniciativas en distintos colexios da área da Mancomunidade.

Coidamos que este Pleno é o momento de tratar o futuro do béisbol na cidade de Vigo porque como dicía hai un novo Plan Xeral e ademais atopámonos cun equipo que nuns anos acadou uns magníficos resultados deportivos, está na división de honra e o día 15 deste mes de outubro tiñan que contestar dende a Federación se este equipo ía poder xogar en Vigo ou se pola contra tiña que ir xogar á Coruña.

Dende o Partido Popular queremos que sigan a xogar na cidade de Vigo, pero non so queremos que polo goberno se resolva a situación para esta temporada, senón que queremos que neste Pleno se decida se poden ter un futuro, se poden seguir traballando coas bases para acadar mellores resultados e unha proxección deste deporte ou non.

Para iso consideramos necesario que se contemple e se aprobe por esta Corporación a construción dun campo de béisbol na futura Cidade do Deporte.

SR. ALONSO PÉREZ: Isto que teño na man é unha bola de béisbol e gárdoa porque teño un cariño especial a esta bola asinada por todos os xogadores do equipo dos "Halcones" e iso por varias razóns.

En primeiro lugar porque acadaron o ascenso á división de honra por primeira vez na historia desta cidade sendo eu concelleiro e a nivel deportivo amosaron gran calidade. A segunda razón é porque a maioría dos compoñentes do equipo son inmigrantes e están conseguindo gracias ó deporte a integración na sociedade; para min iso ten moito valor. A terceira razón é porque o fixeron nunhas condicións moi duras, polas que ningún deportista debería pasar e iso é unha herdanza que eu atopei.

Non me gusta neste momento falar diso e falar das condicións nas que estaban xogando, prefiro solucións e falar de futuro.

A iniciativa que eu tomei como concelleiro de Deportes para que poidan xogar na división de honra e se consolide o ascenso que fixeron na cancha de xogo, foi facer unha xuntanza na que estiveron presentes todas as partes, a Federación, o club, a Entidade Menor de Bembrive e máis eu como concelleiro que eran quen tiña a iniciativa, porque nas condicións que está o campo actual os "Halcones" non poden xogar na división de honra.

Pedímoslle á Federación que nos dixera por escrito todas aquelas reformas que permitirían afrontar á división de honra no mes de febreiro. A Federación pasounos ese escrito e xa sabemos o que hai que facer: necesitan un novo marcador, un peche en todo o perímetro do campo, a colocación de herba no "*infield*", a parte onde se desenvolve a maioría do xogo que ten 27 metros de lado e sobre todo precisan servizos e duchas porque non tiñan.

Eu podería votar a favor desta moción, marcharíamos todos contentos pero estaríamos a facer demagogia, non solucionando o problema que teñen neste momento e eu o que quero é dar solucións ós problemas. É moi fácil pintar nun papel que na Cidade do Deporte vai haber un campo de béisbol, iso non custa nada. O problema é que a Cidade do Deporte, se ó final se consolida a Universiada 2015, estaría para esa data, os "Halcones" desaparecerían, non poderían facer efectivo o seu ascenso.

Estou aberto a solucións de futuro e estamos a pensar en varias pero coido e espero da sensibilidade deportiva da concelleira do Partido Popular que sexamos

quen de dar unha solución agora que nos permita con calma buscar unha solución de futuro.

Entón propoño unha emenda transaccional que xa propuxen no campo, na reunión coa Entidade Menor de Bembrive, o Club e a Federación. O Club e a Federación están de acordo. Esa emenda é que este Pleno solicite da Deputación a sinatura dun convenio coa Concellería de Deporte e a Deputación para que aporte cada unha das administracións o 50% do orzamento necesario para atender as demandas que a Federación solicita e que permitan facer efectivo o ascenso deportivo.

Coido que isto é dar solución a un problema, non facer que o equipo non poda facer efectivo o ascenso que acadou na cancha e nos daría tempo a todos, a min o primeiro porque temos propostas de futuro pero se neste ano non sae no mes de febreiro na división de honra o equipo pode desaparecer e coido que sería a peor das solucións.

Espero da sensibilidade deportiva do Partido Popular para lle trasladar este acordo á Deputación e que entre todos deamos solución, sen buscar responsabilidades do pasado que eu quero omitir porque neste intre me interesan as solucións, buscar unha saída para que os "Halcones" empecen en febreiro na división de honra.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Alonso, fálame da demagogia do Partido Popular e asómbrame; ten unha pelota e tráea ó Pleno, eu teño unha gorra que non trouxen pero podo facelo. Iso demostra que os equipos da cidade son xenerosos con estes corporativos e aquí estamos tres ex-concelleiros de deportes.

Fala de demagogia e vincula o béisbol ós inmigrantes. Eu non fago iso, para min as persoas que xogan ó béisbol son galegos, vigueses, dáme igual de onde veñan. Non debe de coñecelo tanto cando non sabe que a maioría desas persoas son galegas, o deporte si que ven de América.

Claro que as condicións nas que xogaron son moi duras, eu non o enganei. Claro que empezaron en 2003 e neses anos buscáronse medidas dentro das nosas posibilidade. Lémbrolle que só aprobamos un presuposto en 2005 e non foi cos votos do BNG, foi coa abstención do Partido Socialista. Con ese presuposto de 2005 en deportes púidose cambiar a situación do deporte na cidade, pero dende logo que non cos méritos do BNG que votou en contra.

Claro que nese presuposto de 2005 conseguíuse dar un envorco ó deporte pero aínda así segue a haber moitas deficiencias e é a súa responsabilidade seguir dando un envorco a esa actividade e que se vincule nos presupostos municipais. Hoxe, que xa mirei os presupostos que van para o próximo ano, non vexo que vaia vostede por moi bo camiño.

Segue a haber deficiencias en deportes e non sei como pode vir a este Pleno a dicir que fixo unha reunión; xa o sei, o día 21 de outubro. Eu reuníme co equipo o día 14 e vostede fíxoo porque sabía que eu xa estivera co equipo. Cando lle solicitaron a reunión os representantes dos "Halcones" de Vigo? Eu teño aquí a carta da Federación e ten data do 10 de setembro, pedíanlle unha resposta para o día 30 dese mes.

Cando se goberna hai que ser áxiles e hai que buscar solucións. Claro que estou orgullosa do traballo que fixen como concelleira de Deportes pero hai que facer moito máis. É verdade que quedaron deficiencias e que ese terreo podería estar en mellores condicións, aínda que lle lembro que é da Entidade Menor de Bembrive, non do Concello de Vigo, e que está afectado polo Plan Xeral.

Eu non veño aquí a facer demagogia, veño a que os tres grupos tomemos posicións sobre un tema de futuro como é o béisbol. Hoxe hai aquí representantes e hai que lles dicir se realmente van ter futuro ou non.

Antes falábamos da negligencia do Sr. López Carreira, concelleiro de Cultura, á hora de convocar a comisión informativa pero a súa é peor porque dende o 30 de setembro tiña que ter unha resposta a este club, hoxe é 27 de outubro e tráenos a proposta de que paguen ó 50% Deputación e Concello. A resposta era o 30 de setembro, se eu non traio esta moción ó Pleno vostede non fai nada.

Eu preguntei e a Deputación provincial non ten ningunha solicitude de entrevista pedida por vostede, que eu saiba non pediu unha reunión coa Xunta de Galicia para saber que vai facer con esta situación. Isto tiña que estar solucionado o 30 de setembro, a Federación fixo unha prórroga ata o 15 de outubro e vostede reúnese o 21 de outubro e dinos que non fagamos demagogia e que nun papel cabe todo. Dígallo ó Sr. Alcalde que fai máis proxectos dos que fixen eu cando levaba Deportes.

Claro que no papel cabe todo pero a Cidade do Deporte non era un papel imaxinario, era un estudo das demandas de todo o deporte da cidade de Vigo e non

era para facer nun día nin en dous, era para deseñar unha Cidade do Deporte na que nos anos futuros tiveran cabida e atendera as demandas de todos os deportes desta cidade.

Fálame da Universiada e dime que como esperemos ó ano 2015 para ter o campo este equipo vaise ó “*garete*”; pois claro que si. Vostede aínda ven a este Pleno a dicir que podemos ir conseguir a Universiada 2015 cando xa no mes de xuño aprobouse por unanimidade unha solicitude dun convenio coa Xunta de Galicia para afrontar os gastos e infraestruturas da Cidade do Deporte e a día de hoxe que eu saiba non está asinado porque se fose así, co dados que son ós anuncios e ás fotos nos periódicos, xa saberíamos que tiña ese convenio asinado.

Ademais de analizar os presupostos do ámbito local tamén analizamos os da Xunta de Galicia e non aparece un convenio co Concello de Vigo para realizar a Cidade do Deporte. Que infraestrutura deportiva vai facer vostede?

Agradezo ó Sr. Font esta oportunidade xa que na moción anterior falou do meu talante porque eu era a voceira que asistín a esa comisión, pois fíxese se son xenerosa que a pesar de presentar esta moción acepto esa transaccional se engade a Xunta de Galicia e somos as tres administracións para adaptar o campo para este ano. Pero sigo mantendo como primeiro punto instar ó goberno municipal a construción dun campo de béisbol na Cidade do Deporte.

Antes me gustaría saber se vostede sabe da cantidade que está a falar, se xa ten os presupostos porque sei que levou a unha empresa pero levouna o martes. O día 21 de outubro vostede levou a unha empresa para que valorara o custo, cando isto tiña que estar resolto o 30 de setembro. O 15 de outubro non sabía canto ía custar esa adaptación por iso antes de aceptar a súa transaccional quero que me diga a canto ascende esa reforma en Bembrive porque sabemos que falamos dun ano, dous cando moito.

Como concelleiro de Deportes non pode vir a este Pleno coa grande idea de que agora o pague a medias a Deputación. Deberíalle caer a cara de vergoña de que a día 27 de outubro non dera aínda ningunha solución ós representantes do béisbol, fose a que fose.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Pensei que ía ter un pouco máis de información de todo o que fixo a concellería de Deportes antes de presentar esta moción. Lamento que

non ma pedira, que non lla pasara o seu compañeiro de partido, o alcalde pedáneo, porque eu non esperei ó 30 de setembro para dar solución a este problema.

Tivemos reunións coa Federación e co club moito antes desa data, démoslle unha solución, pedimos un presuposto para que, antes de falar coa Deputación, o 50% dese orzamento o fixese efectivo a Entidade Local Menor de Bembrive que é a propietaria do campo. Foi precisamente o alcalde pedáneo de Bembrive, como non podía poñer esa cantidade, quen dixo do pedir á Deputación. Dime que eu non lle pasei a información; pois na propia reunión quedou da pasar o alcalde pedáneo de Bembrive.

De todos os xeitos debería ter un pouco máis de sensibilidade e buscar a solución ó problema. Non esperei ó 30 de setembro, os "Halcones" saben que tivemos varias xuntanzas para buscar solucións, tiñamos un orzamento e a Entidade dixo que era moi caro e que prefería pedir un orzamento propio para os vestiarios. Ó final o orzamento que presentaron era máis caro que o que tiña a concellería de Deportes. Pódolle pasar toda a información pero coido que o que lle interesa ós "Halcones" é o futuro e que se lle dean solucións. Se non teñen suficiente información de todos os pasos que demos, que polo que vexo non é así, estou aberto a lles facilitar todo o que queiran.

Acepto na transaccional que tamén a Xunta faga a súa achega; solicitarllo á Deputación e á Xunta. Coido que non deben limitarnos a solución futura á Cidade do Deporte porque estou a barallar outras opcións. En todo caso e como quero solucionar o problema, tamén aceptaría que paralelamente se busque unha solución definitiva ó campo de béisbol.

Insisto en que se o que gañaron no terreo de xogo os "Halcones" non se fai efectivo agora coas demandas que a Federación pon enriba da mesa, non hai futuro. Podemos facer brindes ó sol pero non solucionar. Acepto que a achega sexa do Concello, Deputación e Xunta pero paralelamente que se busque unha solución definitiva ó campo de béisbol pero non limitalo a un espazo porque eu xa estudei varios.

Coido que isto é o que espera deste Pleno o club deportivo e espero que se solucione que ó final é o que lle interesa ó club.

SRA. MOLARES PÉREZ: Fixen unha pregunta moi concreta se sabe a canto ascende

esa reforma e non me contestou.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Pódolle contestar por partes pero sería moi extenso. Á parte do "*infield*", a herba que precisa obrigada para competir na división de honra e que agora non hai, hai diversas solucións por iso prefiro que dividamos ó 50%. Teño solucións que poden ser moito máis baratas pero é moi extenso para contar agora. Hai a posibilidade de que, xa que imos cambiar o campo de herba sintética de Bouzas, trasladala e é unha solución que a Federación me di que é factible e abarataría o custo.

Hai moita información que eu teño e que estou á disposición da persoa que poña a Deputación para lla trasladar. O importante que son os vestiarios son 50.000 euros, mesmo teño unha proposta para que en vez de ser unha obra civil fixa, sexan uns servizos que se poden mover pero que están en boas condicións. Todas estas cuestións é posible discutilas con calma. A razón de non facer obra civil fixa é porque o terreo da Entidade Menor onde xogan está no Plan Xeral.

SRA. MOLARES PÉREZ.- Só quería que o concelleiro de Deportes nos dixera o ben que ten analizado o tema logo de dous meses, nos orzamentos ten varias opcións pero ningunha clara de cantos cartos son, máis ou menos 50.000 euros. Comprométome a que a Deputación Provincial afronte un 33% desa cantidade porque cando se toma un compromiso nun Pleno hai que saber se un se pode comprometer ou non e esa cantidade si a pode asumir a Deputación Provincial.

O que si está claro é que vostede non foi dilixente á hora de actuar co béisbol na cidade de Vigo. Estamos a falar de dous meses e claro que estou ó tanto das xuntanzas que tivo co alcalde pedáneo e co club; eu mantiven unha xuntanza co club o 14 de outubro, un día antes de que rematar o prazo. Tampouco me quixen meter antes nese terreo a pesar de estar xa nos medios de comunicación ó longo dos meses de setembro e outubro que os "Halcones" de Vigo se podían ir á Coruña. Non quixen facer demagogia e non saín nos medios de comunicación dicindo que a Concellería de Deportes non actuaba, precisamente non o fixen porque eu fun concelleira de Deportes e por respecto e para que vostedes buscaran unha alternativa e unha solución.

O día 14 de outubro cando só faltaba un día para o segundo prazo, que non para o

primeiro que lle deu a Federación, e vostede non actuaba foi cando crin necesario traelo a este Pleno porque como vostede ben di o meu obxectivo e o do meu grupo é que se solucione un problema agora e tamén cara ó futuro porque sabemos que ese terreo está afectado polo Plan Xeral e tampouco sería moi coherente facer un grande investimento cando non se vai poder manter no tempo.

Pero o que tampouco sería desexable é que este equipo, logo de ter ese resultado deportivo, tivera que ir xogar á Coruña co risco que logo se queden alí. Realmente estamos orgullosos de que o béisbol en tan poucos anos chegara á categoría de honra e que estea con outros moitos equipos da cidade gozando desa máxima categoría.

Por isto eu non teño inconveniente mesmo en que se non quere poñer "Cidade do Deporte", non lle vou dicir onde pero se teñen que manter os dous puntos, a iso non renuncio: Instar ó goberno municipal a construción dun campo de béisbol sería o primeiro punto e o segundo punto sería solicitar da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia que xuntamente co Concello de Vigo aporten o total da obra necesaria para que poidan xogar esta tempada os "Halcones" de Vigo nesta cidade. Con ese texto transaccional acéptollo a súa emenda.

A PRESIDENCIA: Procedemos por tanto a votar o punto 12 da orde do día que constaría da moción cos dous puntos que explicou a Sra. Molares.

Durante o curso do debate a Sra. Molares Pérez presenta a seguinte emenda á súa moción a instancias do concelleiro de Deportes, Sr. Alonso Pérez:

Primeiro.- Instar ó goberno municipal a construción dun campo de béisbol.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia que xuntamente co Concello de Vigo aporten o total da obra necesaria para que poidan xogar esta tempada os "Halcones" de Vigo nesta cidade

A Presidencia somete a votación a moción formulada pola Sra. Molares Pérez co texto acordado durante o curso do debate.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ó goberno municipal a construción dun campo de béisbol.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia que xuntamente co Concello de Vigo aporten o total da obra necesaria para que poidan xogar esta tempada os "Halcones" de Vigo nesta cidade

13.- (199).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. GONZÁLEZ SAGARRA, RELATIVO A QUE SE LLE DEA RESPOSTA A UNHA PREGUNTA FORMULADA NO PLENO DO 04.09.08 SOBRE O PROXECTO DA PRAIA DE CARRIL.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Querería solicitar neste hemiciclo que cando se faga un rogo ou unha pregunta, se atenda á demanda e se lle dea resposta o antes posible. Dígo porque tal como se dixo antes, aproveitando os acordos plenarios que deben cumprirse e tamén as solicitudes que se fan nos Plenos, hai polo menos dous meses que fixen aquí un rogo relativo ó proxecto da praia de Carril, se se informara a Costas da execución do proxecto orixinal. Xa hai dous meses, a Sra. concelleira de Medio Ambiente vaise marchar e gustárame que non tivera que esperar ata o ano que ven para que me dean resposta.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. González Sagarra. Emendarase a deficiencia de forma inmediata.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIGUEROA VILA, SOLICITANDO SE LLE DEA RESPOSTA Á PREGUNTA FORMULADA NO ANTERIOR PLENO RELATIVA Ó AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS.

SR. FIGUEROA VILA: No último Pleno fixemos unha pregunta á que non se nos deu resposta relativa ó auditorio-pazo de congresos, data do proxecto de execución, nomeamento do director de obra, acta de replanteo e todo o relacionado co

proxecto de seguridade e hixiene laboral. Gustaríanos que nos deran eses datos certificados e compulsados.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, tomamos nota e darémosllo.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, INSTANDO SE TRAIA Ó PLENO A EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE.

SRA. MOLARES PÉREZ: Prego que en cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, tal como establece a base 3ª de execución orzamentaria para o ano 2008, se traia ó seguinte Pleno a execución de gastos do terceiro trimestre deste exercicio presupostario.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O pasado venres remitíuselle a todo o mundo, incluídos os membros do Partido Popular, o proxecto de orzamento para o ano 2009; entre esa documentación figuraba o estado de execución do orzamento. Xa está feito, está presentado e vostedes tíñano que coñecer porque se lles deu o venres.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2008. Consta de 46 folios da serie A numerados do 2141869 ó 2141914, e números do 763 ó 808. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2008.

Vigo, a 27 de outubro de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda